

Código



Cero

Revista de Novas Tecnolóxicas de Galicia - <http://www.codigocero.com>

NÚMERO 47 VERÁN 2006 • PREZO 1€

Seguridade sobre as catro rodas

A tecnoloxía, coma mestre da autoescola

O que Deus une, non o desuna a Rede

Medran e medran as historias de amor en liña

Falar custa pouco

Proliferan en Internet os servizos para falar barato e ben

Novo capítulo de ameazas na Web

Clases de defensa persoal para navegantes



SOFTGAL

desarrollo e integración de sistemas


soluciones e-business

ingeniería de sistemas, redes y comunicaciones

integración sistemas multimedia y audiovisuales

soluciones de almacenamiento

infraestructuras TIC



A Coruña

Santiago de Compostela

Vigo

Madrid

Lisboa



CÓDIGO CERO revista de novas tecnolóxicas de Galicia

Director

Xosé María Fernández Pazos
(director@codigocero.com)

Subdirectores

Marcus Fernández
(webmaster@codigocero.com)
Carlos Ballesteros
(cballesteros@codigocero.com)

Redactores-Xefes

Fernando Sarasquete
(redaccion@codigocero.com)
Carlos Lozano
(cuetorubio@yahoo.es)

Redacción

Xabier Alcalá
(Telecomunicacións)
Damián Fernández (Linux)
Manolo Gago (Opinión)
Emiliano Gómez (Informática)
David Lombardía (Nova
Economía)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Víctor Salgado (Dereito)

Colaboraron neste número:

Marcus Fernández, Patricia
Calveiro, David Lombardía,
Fernando Sarasqueta e Raquel
Noya

Supervisión lingüística:

Sonia Pena.

Fotografía:

Adolfo Enríquez Calo, Joferpa.

Edita:

Grupo Código Cero Comunicación
UNINOVA.
Políg. Ind. do Tambre Vía La
Cierva, s/n (recinto Mercagalicía)
Código Postal: 15890 - SANTIAGO
Tel. 981 51 96 00/93 63 24
Fax. 981 55 77 07
Móbil: 690 60 71 02
http://codigocero.com
redaccion@codigocero.com

Deseño Gráfico:

eNISA. Servicios Infográficos
Rúa do Río, 30 - SANTIAGO
Teléfono: 981 554 444
correo@mundografico.net

Imprime:

Celta de Artes Gráficas, S.L.
Rúa Colón, 30 - VIGO
Teléfono: 986 81 46 00
Fax: 986 81 46 38

Número 47 Verán 2006

Publicación periódica
Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (edición dixital): 1579-7554

neste número...



Nas estradas, toda axuda para incrementar a nosa seguridade é pouca. Mais, a falta de dispoñer de máis ollos e máis orelas, unha das opcións posibles para ser mellores condutores do que somos semella tomar corpo nas tecnoloxías da información. É dicir: que dispositivos como navegadores, GPS ou limitadores de velocidade sexan unha boa prolongación dos nosos sentidos e, tamén, da capacidade de entender o que nos rodea. Por exemplo: unha sinxela ollada previa ó percorrido que temos pensado facer ó día seguinte polas estradas de Galiza no servizo web de Política Territorial pode ser, aínda que non o saibamos nunca, o pequeno gran detalle que nos evite un accidente. Cambiar a vella tecnoloxía dos fíos por outra que nos permita te-la mans ceibes e recibí-los datos a través da voz pode

ser tamén unha estimable contribución á nosa supervivencia (a fin de contas, conducir é unha cousa seria, non é que queiramos dramatizar: vémolos tódolos días, por desgraza, nas páxinas dos xornais, na Web e nos informativos da tele). Sexa como sexa, e para que se entenda do que estamos a falar, nas páxinas interiores (as centrais) incluímos neste número un especial sobre todo aquilo que a tecnoloxía (as redes, a I+D, as novas posibilidades inmediatas de comunicación) pode facer por nós, agora que vivimos uns tempos nos que unha boa parte dos acontecementos das nosas vidas desenvólvense sobre catro rodas. A parte de todo isto, non é casualidade que a publicación destas páxinas coincida co regreso ós fogares e ás obrigas laborais dunha boa parte dos galegos e galegas: a operación

retorno do verán. Como dixemos ó comezo deste texto, calquera axuda é pouca se se consegue que esa operación sexa máis segura. E xa que falamos de melloras na circulación das estradas, cómpre subliñar que este novo número de Código Cero complétase cun artigo sobre as posibilidades que temos de organizar máis axeitadamente o noso tránsito por outras estradas: as da información. É dicir: incluímos consellos e datos prácticos sobre os virus de hoxe, o correo lixo, as prácticas do *phishing* (e outras palabras horribles rematadas en "ing"), os programas que espían os nosos movementos e, en definitiva, todo aquilo que foi expresamente feito para que teñamos menos liberdade no noso acceso teoricamente ceibe á información. Este número 47 de Código tamén inclúe unha reportaxe sobre os

novos xogos de rol que se convocan a través da Rede, as redes de amizade en liña que unen parellas no mundo cada día e as ferramentas dispoñibles en Internet para falar por teléfono con familiares ou amigos pagando o menos posible e cun mínimo de calidade. E, para rebaixar un pouco a seriedade destas páxinas, ofrecemos tamén unha entrevista na páxina 17 cunha das blogueiras máis visitadas de Hispanoamérica e que máis preguntas e dúbidas esperta sobre a súa identidade: a *miss intelixente* (así, con "j"), unha bitacoreira que nunca deixará de desconcertarnos. Será real? Será un home facéndose pasar por muller? Será unha muller finxindo que é un home que se fai pasar por muller?

novas

Resumo de actualidade de e-comercio e de empresas relacionadas coas novas tecnoloxías **4**

reportaxes

Phishing e outros fraudes: consellos útiles para non quedar sen branca **8**

Proliferan os xogos de rol convocados a través da Rede **9**

Entrevistamos a Berto Yáñez, o pai da criaturiña web chamada "Chuza!" **10**

Especial sobre novas tecnoloxías ó servizo das seguridade nas estradas

· Reconto de todo aquilo que pode facer por nós a tecnoloxía no volante **11**

· Un sistema chamado "call-center" que nos pode salvar a vida **12**

· Repaso polas moitas facetas da tecnoloxía en materia de condución **13**

· Dispositivos, gadgets e demais parafernalia para os vehículos **14**

· Dispositivos, gadgets e demais parafernalia para os vehículos **15**

Internet é, hoxe, o que en tempos o baile dos domingos: un sitio onde buscar parella **16**

Entrevistamos á blogueira miss intelixente e falamos doutros cadernos **17**

Chamando de balde na Rede: servizos dispoñibles **18**

Gadgets para este verán que xa remata **19**

nova economía

O clásico AOL, en reestruturación **22**



O foro da industria audiovisual e cultural Nova Factory celebrarase entre o 28 de setembro e o 1 de outubro

Nova Factory, o festival galego dos produtos audiovisuais que nunca poderás ver nas grandes dalas de distribucións controladas polas *majors* e pola tiranía do estritamente comercial, vaixe celebrar este ano entre o 28 de setembro e o 1 de outubro. A sede de actividades desta segunda edición será, unha vez máis, Oleiros e o Auditorio de Perillo. Os obxectivos deste certame contracorrente serán, entre outros, estes que sinalamos: debater sobre o futuro do sector, achegar alternativas de negocio a novas empresas independentes e promove-las últimas novidades en metraje curta en ficción, vídeo clips e documentario. Esta segunda convocatoria, segundo apunta a Concellería de Turismo de Oleiros, conta cunha vantaxe engadida, logo de que os organizadores do festival visitasen algúns dos mellores certames de curtas de Europa, incrementando contactos e afianzando ligazóns. Máis en www.mrmisto.com/novafactory/.



Xoán Marinho (da produtora Mr. Misto) e Antón Tenreiro (concelleiro de Turismo).

A ICANN, vencellada ós Estados Unidos por cinco anos máis

Se Internet tivera fíos, a Estados Unidos é moi probable que lle gustaría movelos. E, en parte, así é, tendo en conta que a ICANN (Internet Corporation For Assigned Names and Numbers), a organización privada que administra a Rede dende a "independencia", vén de acordar a renovación do contrato co Goberno dos Estados Unidos até 2011 (e todo isto malia as reticencias da ONU e a Unión Europea, que consideraban máis oportuno repartir o control da Internet). Que significa todo isto? Pois basicamente, e aínda que o país que dirixe George Bush trate de disimularlo, significa que vai ter o control dunha boa parte da Internet, tal e como se puxo de manifesto cando os políticos conservadores estadounidenses conseguiron botar abaixo a iniciativa da ICANN de validar os dominios .xxx que designarían sitios de contidos pornográficos.

Vímolo na web da Asociación de Usuarios de GNIX (www.agnix.org), onde tampouco hai dúbida posible: a ICANN pode dicir que na súa casa manda ela, pero expoñéndose a que en privado o Goberno dos EE UU, cando non os vexa ningúen, lle turre das orellas.

Free Software Magazine sitúa ó movemento software libre como herdeiro do espírito comunista

Que o software libre e a comunidade de desenvolvedores e usuarios que o representa no mundo non pertencen precisamente á facción da dereita no sentido social e político do termo é algo que xa era sabido. O que se cadra non estaba tan claro é que o movemento informático do código aberto é herdeiro do vello ideario comunista. Así o sinala Terry Hancock, de Free Software Magazine, quen fai referencia á creación de programas de software libre en comunidade como a aplicación práctica desta ideoloxía tan deostada en países como os Estados Unidos ó longo dos anos da Guerra Fría: "Dende cada un segundo as súas habilidades e a cada un segundo as súas necesidades". Ó seu xuízo, isto acontece libremente e sen obstáculos no eido do software libre, vémosto tódolos días na súa vontade de compartir, e o mellor de todo (di Hancock) é que o sistema funciona: "Ten construído GNU, Linux, Wikipedia e todo iso sen grandes investimentos".

Para que se lle entenda ben, Terry Hancock fuxe de comparar este movemento informático cos sistemas políticos dos réximes comunistas actuais (Corea do Norte, Cuba), onde pouco queda do espírito obreiro da esquerda de finais do século XIX e principios do XX. Representará finalmente o software libre a mellor (e única) aplicación verdadeira do ideario marxista no seu estado máis puro? Para Hancock non cabe dúbida de que si. Máis en www.freesoftwaremagazine.com/node/1707.

A Xunta renova o portal de Galicia Aberta co fin de estreitar o contacto cos emigrantes

Un portal que afiance e estreite as relacións entre a Xunta e os galegos e galegas no exterior e que incremente a participación dos emigrantes e inmigrantes en todo tipo de iniciativas convocadas a través da web, en liñas de axuda ou programas culturais e sociais.



Estes son algúns dos grandes obxectivos da remodelada páxina de Galicia Aberta, un servizo que foi creado para ser un nexo de unión en liña entre a nosa terra na diáspora e o Goberno galego.

A nova imaxe e contidos do portal foi presentado este mércores 23 de agosto polo secretario xeral de Emigración, Manuel Luís Rodríguez, quen dixo que a web responde agora a un diálogo entre administración e cidadán máis directo, máis inmediato e áxil. A páxina, que constitúe tamén un complexo ir e vir de información entre os centros galegos do exterior e colectivos do interior e (tamén) entre as administracións e todos eses centros, inclúe a partir de xa servizos como unha guía de retorno en liña (orientada a achegar respostas ás moitas preguntas sobre as canles e os trámites para volver a Galiza), ferramentas de blogs de opinión, foros e (a partir do mes de setembro) un Rexistro Voluntario para cidadáns galegos no exterior. Máis en www.galiciaaberta.com.

Conecta Xove volve a Verín en setembro

O concello de Verín acollerá de novo o programa Conecta Xove en setembro (xunto con media ducia máis de localidades de toda España), trala aceptación acadada na anterior convocatoria, celebrada na ponte de maio. O proxecto da Fundación Esplai e Microsoft, que conta coa colaboración na comarca de Monterrei dos colectivos Portas Abertas e Femuro, vai orientado á alfabetización dixital dos adultos a mans de mozos voluntarios de entre 16 e 17 anos que fan de mestres perante os seus maiores. Nas semanas previas á apertura o programa, unha vintena de rapaces e rapazas recibirán cursos de formación de dezaseis horas sobre novas tecnoloxías e informática. Estes serviránlles para iniciar no mundo dixital as persoas adultas do seu concello.

A participación máis reticente, tal e como se constatou na anterior edición, é xusto a da xente maior do medio rural. Sexa como sexa, o comité organizador confía en botar abaixo con esta noca convocatoria unha boa parte (senón toda) destes "prexuízos tecnolóxicos". Máis en www.conectajoven.org/indice.htm.

A web galega Tatuajesypiercing.com recibe 60.000 visitas ó mes

Unha das propostas máis referenciais do universo de Internet en materia de tatuaxes e *piercings* é galega. Trátase de www.tatuajesypiercing.com, unha iniciativa que recibe cada mes preto de 60.000 visitas de afeccionados, profesionais e curiosos do tema. A páxina, pola que pasaron máis de 390.000 internautas no que vai de ano no seu aloxamento previo de Vigonet, tivo o seu xermolo neste portal de Vigo, onde o éxito foi tan grande que obrigou ós seus responsables a adquirir un dominio propio.

De feito, Vigonet.com/tatuajes/ atópase nos primeiros postos dos principais portais de busca, como se pode comprobar ó pescudar o termo "tattoo" no Google, por poñer un exemplo. A galería da nova web -á que se accede vía mensaxes curtas sms- alberga unhas 7.000 imaxes distribuídas por categorías para orientar nos deseños aos interesados. Mentres, dende o foro, os responsables da páxina responden as dúbidas de balde: informan sobre os cuidados que requiren tanto pendentes como *tattoos*, aconsellan e advirten dos riscos á hora de expoñerse a este arte corporal, e contribúen a desmentir-las moitos mitos falsos espallados sobre as tatuaxes e *piercings*.

GeekCruises organiza cruzeiros para facer turismo... e sacar títulos en informática



Que hai vacacións para tódolos gustos é sabido. Hai quen prefere poñerse na estrada facendo autostop con sandalias e mochila e hai quen precisa de tódalas comodidades posibles. Logo tamén están, por unha banda, os que rompen con todo o que lles poida lembrar ó seu traballo e, pola outra, os que dobran a columna vertebral polo peso do portátil polo mundo adiante. Até o de agora sabíamos que había opcións interesantes para os primeiros, pero non tanto para os segundos.

Vémolo en CanalPDA: xa hai anos que se ofrecen no mundo paquetes turísticos para as "tecnovacacións" de todos aqueles que non conciben o sono sen que alguén lles relate un conto tecnolóxico á beira da cama. Trátase dos cruzeiros organizados por GeekCruises na Costa dos Estados Unidos e outras partes do mundo como a Canle de Panamá ou o Mar Báltico, viaxes que suman o que até hoxe semellaba auga e aceite: o turismo e a divulgación tecnolóxica. Así, entre singradura e singradura, *cocktails*, camisas de palmeiras, peles sobre-encarnadas polo sol e pantalóns curtos, expertos de renome imparten cursos de Linux, Photoshop, .Net, Mac e outros asuntos de maior ou menor relevancia. De feito, cada un dos barcos xa ten un nome que fai referencia específica ó tema tecnolóxico que alí se divulga. Polo visto, os máis demandados son os da serie MacMania, que teñen uns prezos que oscilan entre os 1.799 e os 5.849 dólares. Pola contra, as tarifas no Photoshop Fling por el Caribe parte de 899 dólares. Máis información en www.geekcruises.com.

O navegador de Internet para a Nintendo DS chegará a Europa en outubro

Opera Software desenvolveu un navegador de Internet para a consola Nintendo DS que aproveita as funcionalidades Wi-Fi da consola portátil de Nintendo para achegar o acceso á web, comercializándose xa no Xapón e que pronto chegará a Europa.

Así, o 6 de outubro sería a data elixida para o lanzamento da Nintendo DS Browser, que aproveita as dúas pantallas da consola de xeito que a pantalla superior amosa unha ampliación dunha parte da web na que se navega para facilitar a lectura. Dado que o uso da consola está dirixido especialmente ós máis mozos, Nintendo chegou a un acordo en Europa coa compañía Astaro para permitir a o uso dun filtro opcional que bloquea o contido que non sexa axeitado para usuarios menores de idade.

Pantallas táctiles públicas ó servizo do turismo compostelán

A Oficina de Turismo de Santiago de Compostela vén de facer unha aposta polas novas tecnoloxías e o turismo, dous elementos que, cada día que pasa, semellan máis e máis compatibles (e mesmo inseparables). Unha pantalla táctil para facilitar o coñecemento da capital galega aos turistas que ata alí decidan achegarse.

O centro de información, sito na Rúa do Vilar, pon deste xeito ó alcance da man a información sobre a cidade as vintecatro horas do día con esta pantalla de emprego común situada no exterior da oficina central (aínda que, iso si, para os máis tradicionais segue a haber persoal para atender as súas demandas no horario de oficina, de 9 a 21 horas).

Na mesma sede, ademais dos libros e folletos, tamén contan con Puntos de Información Multimedia (PIM) con acceso directo e de balde a vídeos da cidade e á páxina santiagoturismo.com, así como de conexión a Internet coa posibilidade de envío de correos electrónicos.

A galega Visual Publinet renova a web do IGAPE e da firma Adolfo Domínguez



A empresa galega Visual Publinet vén de levar a cabo dous proxectos que son unha mostra máis do pulo que está a coller (serodio, iso si, sobre todo en comparación con Barcelona ou Madrid) o sector empresarial galego vencellado ás novas tecnoloxías da información. Trátase dun labor de consultoría para o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e máis da posta en marcha da nova imaxe web de Adolfo Domínguez. No primeiro caso, informa a empresa, o proxecto consistiu, por unha banda, un estudo das demandas de información dos visitantes da web www.igape.es e máis nunha análise da utilidade dos contidos que aí se viñan ofrecendo.

Logo, a empresa fixo unha proposta de reorganización da estrutura web, que se baseou basicamente en respectar os contidos (que responden ó labor que desenvolve o IGAPE) mais mellorando a súa presentación e favorecendo o acceso dos usuarios (incluso dos usuarios noveis), a efectividade da web e a navegabilidade. Polo que respecta ó novo *site* de Adolfo Domínguez (www.adolfodominguez.com), cómpre dicir que Visual Publinet tamén tivo entre mans un traballo de reorganización, posto que "había *que conseguir unha imaxe nova na Internet, máis axeitada á filosofía da empresa e á súa posición actual dentro do sector téxtil*".

O novo *site*, que serviu ademais para integrar tódalas liñas de produto da dita firma (Adolfo Domínguez, ADC, U, Salta) ofrecendo información de cada unha delas, inclúe tamén zona de prensa, información corporativa e unha tenda virtual que responde a un cada vez máis importante mercado téxtil en liña. A web estruturárase en distintos *microsites* que responden as devanditas liñas de produtos.

Tercera Avenida: a nova comunidade virtual de Antena 3

Antena 3 vén de estreir *Tercera Avenida* (<http://www.antena3.com/terceraavenida/cvirtual/deploy/>), que será unha comunidade virtual para que se xunten os seguidores das súas series e programas nunha cidade virtual na que os usuarios se poden mover a xeito de personaxes personalizados que poden chatear, participar en xogos e concursos e acceder a contidos e servizos exclusivos.



Polo momento a cidade virtual conta con espazos dedicados ó programa de *Buenafuente* e á serie *Aquí no hay quien viva*, así como unha praza para chatear e seccións de móbiles e música.

O novo espazo virtual é moi modular (polo que se irá ampliando con distintos contidos e temáticas) estando orientado a mozos de entre 10 e 20 anos, polo que impulsarán especialmente ó servizos de lecer e relacións. A meirande parte dos servizos de *Tercera Avenida* son de balde, pero tamén contará con servizos *premium* que se pagarán nunha moeda virtual, aínda que só por rexistrarse xa se conseguirán 1.000 *neox* de balde, que permitirán probar os servizos de pago.

Presentan unha nova tecnoloxía que permite a dixitalización de caras humanas para crear personaxes virtuais

Steve Perlman, que fora responsables do desenvolvemento da tecnoloxía Quicktime e co-creador de WebTV (tecnoloxía que vendeu a Microsoft) tráenos agora dende a súa empresa Mova un novo sistema que revolucionará a animación tridimensional por ordenador.



A nova tecnoloxía, coñecida coma *Contour*, consiste nunha combinación de cámaras, ordenadores e unha iluminación fluorescente que axuda na creación de personaxes virtuais. Así, o actor orixinal ten que cubrirose cunha maquillaxe fosforescente (só visible na escuridade) e logo filmase dende distintos ángulos con máis de 40 cámaras de xeito que se captura a textura e as dimensións da súa cara, acadando un modelo tridimensional moi completo que sería un paso adiante con respecto ás técnicas anteriores que se baseaban en puntos de referencia establecidos por apliques reflectintes (como se fixo nas películas do *Señor dos Aneis*).

Esta nova tecnoloxía está aínda en fase de probas e amosa limitacións para a dixitalización do cabelo ou dos ollos, pero o propio director David Fincher xa está interesando en empregala na súa vindeira película. Temos así como a replicación de caras humanas cada día se achega máis ós ordenadores de xeito que en pouco tempo poderían chegar a ser indistinguibles das imaxes reais.

Microsoft lanza un programa para escribir en blogs de xeito doado

Está anunciado que a vindeira versión do MS Office inclúa un sistema de publicación para blogs de xeito que se poida escribir na nosa bitácora de Internet directamente dende o procesador de textos, pero dende Microsoft quixeron dar un adianto (e tamén preferiron *xogar en casa con gasosa*) mediante o lanzamento



dunha versión de proba do Windows Live Writer (<http://window.slivewriter.spaces.live.com/>), que é unha aplicación que permite preparar os nosos textos para a súa publicación no noso blog. O sistema ten unha interface WYSIWYG, ou sexa, que podemos ver cómo vai quedar na nosa bitácora o que escribimos, facilita a publicación de fotografías (de xeito que permite manipular o seu tamaño e mesmo *subilas* ó servidor empregado polo noso blog) e incorpora a publicación de mapas (valéndose do servizo Windows Live Local, o que resulta útil para marcar lugares de encontro ou para situar acontecementos).

Un produto moi completo (que aínda ten bastantes erros que irán depurando pouco a pouco) que se pode complementar grazas ó Windows Live Writer SDK, que é un paquete de desenvolvemento que permitirá que os programadores poidan ampliar as prestacións do Writer para incorporar prestacións como a inclusión de vídeo e audio, a incorporación de etiquetas identificativas (tags), a publicación de imaxes dende servizos de Internet coma Flickr ou mesmo a integración con tendas on-line. Todo dependerá do partido que lle queiran sacar os programadores que vexan as posibilidades que abre esta nova ferramenta. A compatibilidade do Windows Live Writer é grande pois, pese a estar deseñado para funcionar co servizo Windows Live Spaces (o sistema de comunidades virtuais de Microsoft) permite unha correcta configuración para Blogger, LiveJournal, TypePad, WordPress e moitos outros sistemas con API estandarizadas. Sen dúbida, unha ferramenta que fai máis doada a publicación dun blog, especialmente para os usuarios que queren cooidar a aparencia gráfica dos mesmos, de xeito que saquen partido da edición de textos mediante unha interface WYSISYG.

A nova versión de Blogger xa está dispoñible en beta

Habemus (non foi sen tempo) nova versión de Blogger, o que ben pode ser unha boa nova para os milleiros de usuarios deste servizo en Galiza, sobre todo tendo en conta as novas prestacións (que están en beta, no *site* beta.blogger.com) semellan ser interesantes abondo. Entre elas, atopamos a posibilidade de publicar individual páxinas dinámicas para cada entrada (e non efectuar a publicación estática da páxina completa cada vez) ou a opción de desenvolver cadernos públicos, privados ou mediante invitación. Por outra banda, tamén poderemos agora variar ó noso gusto a feitura do noso blog sen ter que acudir ó código, só cun sinxelo arrastre de elementos. Tamén se traballou para mellorar o Atom 1 e o RSS 2.0. Cómpre sinalar, ademais, que a listaxe de prestacións é máis longa e que é a primeira vez que Pyra Labs desenvolve unha mellora de Blogger dende que aquela foi mercada por Google, hai agora tres anos. En HispaMP3 cualifican este tempo como “período de lamentable abandono”. Chegarán as melloras tarde de máis?

Jordi Mas estará o 28 de setembro en Santiago para presentar o seu libro sobre as vantaxes do software libre

Vémolo no blog Caraovento pasando por Chuza. Jordi Mas, coordinador xeral de Softcatalá, a asociación de voluntarios que traballa pola normalización do catalán no eido tecnolóxico (responsable de traducir a esta lingua programas de software libre como o Netscape 4, o OpenOffice e o Firefox), estará na Galería Sargadelos de Santiago o día 28 de setembro para presentar o seu libro *Software libre. Tecnicamente viábel, economicamente sostíbel e socialmente xusto*, traducido agora ó galego. Mas, que é enxeñeiro técnico pola Universitat Oberta de Catalunya, afondará moi posiblemente nas posibilidades da programación en código aberto para o desenvolvemento tecnolóxico-empresarial de Galiza. No acto está prevista a presenza de Tucho Calvo, director literario de Biblos Clube de Lectores, e de Javier García Tobío, director do CESGA.

Time publica unha listaxe coas 50 webs de moda (e non hai ningunha galega!)

A revista estadounidense Time vén de publica-la listaxe anual das 50 páxinas máis *cool* da Rede e, por moito que nos doa (e nos estrañe), non atopamos ningunha galega. As webs foron elixidas tanto polas achegas dos lectores do *magazine* semanal, como polas dos propios redactores despois de moitas xornadas perdidas diante das pantallas para decidirse entre milleiros de candidatas (e que non se amarguen). Un dos atractivos que a meirande parte das páxinas escollidas presentan son as aplicacións web 2.0: sitios de última xeración que ofrecen un novo xeito máis dinámico de informar, entreter, crear, consumir ou interactuar; algo así coma caixas de ferramentas cheas de aparellos eficaces e doadas de empregar -frente as vellas caixas onde as ferramentas eran máis complexas e de resultados máis ben deslucidos. Non se trata dun *ranking*, senón dunha listaxe coas principais páxinas nas categorías de lecer, información, redes sociais, servizos web, compras, viaxes e inmobiliaria, e pasatempos varios; entre as que salientamos (un pouco ó chou) algunhas das máis coñecidas:

- **Google e Yahoo!:** os portais de busca que veñen ampliando as súas prestacións a tódolos eidos facéndose cada vez máis grandes e, para moitos usuarios, imprescindibles (www.google.es, www.yahoo.es).
- **Amazon:** unha das máis completas tendas en liña, e **eBay:** a maior casa de subastas da Rede (www.amazon.com, www.ebay.es).
- **Wikipedia:** a enciclopedia virtual gratuíta máis recorrida na Rede para consultas e referencias. Salientable pola información completa e actualizada que envorcan a cotío e de xeito altruísta os internautas (galipedia.org, wikipedia.org).
- **Digg:** páxina de tecnoloxía onde son os usuarios os que votan a importancia das novas (www.digg.com).
- **YouTube:** o fenómeno en descargas de vídeos de tódalas índoles, e **Flickr:** para a organización e mostra de fotos dixitais (www.youtube.com, www.flickr.com).
- **MySpace e Blogger:** páxinas dotadas de potentes e sinxelas ferramentas coas que crear un espazo propio na Rede (www.myspace.com, blogger.com).
- **Shockwave:** onde podes atopar e descargar centos de xogos en liña e de balde (shockwave.com).

A listaxe completa recóllese no artigo da revista (<http://www.time.com/time/2006/50coolest/index.html>) e está aberto a propostas e comentarios (incluirán a www.melide.com se llo propoñemos?).

Actualizada para a Web 2.0 a máquina das frases tecnolóxicas baleiras: Bullshit Generator

Na Sociedade da Información e sobre todo nos negocios vencellados á tecnoloxía abonda moito o efecto “botella baleira” ou “reflexións borrosas”. Isto, que consiste basicamente en falar parvadas coa feitura de cousas transcendentales, non é exclusivo do mundo TIC: ocorre na gastronomía cando nos serven lixo substantivado en francés ou na política, cando se lle aplaude a un presidente/



Curioso protector de “frases lixo” atopado no caderno www.christian-gericke.de/blog/

candidato cada vez que abre a boca). Mais, o que si que semella propio do eido das redes é a proliferación de ferramentas que, con moito sentido do humor, axudan ó congresista ou orador tecnolóxico a xerar frases ocas. Por exemplo: “É preciso explotar integralmente as sinerxías funcionais”. O bo que teñen este tipo de frases tan celebradas, ademais, é que operan como a lei da multiplicación: a orde dos factores non altera o produto. Así, pódense poñer as palabras adiante ou atrás, xogar con elas, que o efecto no auditorio será exactamente o mesmo: que ninguén entenda nada (pero que ben expresada está, esa nada). Dando unha volta por Elastico.net descubrimos a actualización en beta da Web Economy Bullshit Generator, que sería algo así como un xerador de merda ben presentada, ideal para as intervencións en público de executivos, *managers*, *coachers* e demais fauna tecnolóxica. A nova versión do Bullshit Generator é a versión adaptada para a Web 2.0, máis axeitada para un concepto de Internet onde prima a participación, o “faino ti mesmo”, o diálogo cara a cara e unha suposta maior sinxeleza na elección de vocabulario (en realidade, estamos a falar da mesma *shit*). Na web deste servizo atopamos instrucións prácticas para promover da maneira máis axeitada o noso negocio empregando este tipo de fraseoloxía, e todo encamiñado a conseguir canto antes o éxito para despois (din) ser mercados por Yahoo! Ou deberíamos dicir “sermos sintetizados por un cadro de mandos recontextualizado por Yahoo!”?

Ligazóns:

- A actualización: emptybottle.org/bullshit/
- A páxina pioneira: www.dack.com/web/bullshit.html

Un estudo revela que unha boa parte dos usuarios de telefonía móbil descoñece a marca e o modelo do seu terminal

Os operadores de telefonía móbil e os fabricantes destes aparellos non lles interesan os despistados, eses que entran nas tendas e piden o móbil máis sinxelo e barato que teñan. Esta é unha das moitas conclusións que se poden sacar dun dos estudos máis desconcertantes da última vaga de estudos tecnolóxicos do verán: o que vén de presentar a empresa de servizos de telecomunicacións LogicaCMG, no que se afirma (volvemos ó principio) que os operadores poderían estar perdendo cartos, ou a piques de perdelos seriamente, por mor dunha gran porcentaxe de usuarios (o 58%) que non coñece nin a marca, nin o modelo do seu terminal nin, por suposto, a meirande parte das súas posibilidades e vantaxes. Polo tanto, no mundo ideal das firmas subministradoras de servizos telefónicos os clientes terían coñecemento de todo tipo aplicacións de datos avanzados, como por exemplo mensaxes multimedia, videochamadas ou acceso a Internet móbil, así sería máis doado tirar rendemento de novas opcións de negocio. Pero non, seguimos na teima de pensar que un móbil é para facer e recibir chamadas. Sexa como sexa, no estudo faise fincapé na diferenza que hai entre o coñecemento que teñen do seu móbil os mozos e mozas de menos de 30 anos do que atesouran os maiores de 55. Semellan dous mundos distintos (estaremos a falar doutra fenda tecnolóxica?).

A Catedral de Santiago permite na súa web a peregrinación en liña

Nestes tempos de cámaras dixitais e bitácoras en liña até a Igrexa se suma as novas tecnoloxías para darse a coñecer e, tamén, por que non, tirar partido do seu. Como non podía ser menos, a Catedral de Santiago, un dos seus patrimonios mellor coidados e



rendibles, ten espazo propio na Rede grazas ao patrocinio do Grupo Jealsa e á coidada e completa posta en escena de Novatec Consulting (empresa galega de deseño web). O tradicional botafumeiro dá paso á benvida en latín mentres a páxina carga cada apartado -con parsimonia abonda, todo sexa dito, se a conexión non é de alta velocidade-. Un deseño con certo aire medieval dálle solemnidade ao asunto da práctica relixiosa *en liña*, que agora é posible dende esta páxina do secular santuario.

Non esquecen detalle os seus responsables para quen non teña oportunidade de achegarse fisicamente á basílica: visitas virtuais, panorámicas de 360 graos, percorridos históricos, horarios litúrxicos... até a posibilidade de peregrinar sen dar un paso, podendo acadar unha *e-compostela* sen ter percorrido os derradeiros cen quilómetros do Camiño e mesmo tendo unha misa polas túas causas polo módico prezo dunha esmola estipulada en 7 euros. As posibilidades son moitas: dende visitar virtualmente as escavacións e as cubertas da Catedral compostelá, facendo unha parada no museo e accedendo ao arquivo. E seguen: pararse nas catro fachadas do santuario, no Pórtico da Gloria, achegarse á cripta que contén os restos do Apóstolo e ao Altar Maior. Máis en www.catedraldesantiago.es/webcatedral.html.

A BIT informa que cada día créanse 500 novas webs de pornografía infantil

Vémolo en Terra.es, publicado o 15 de agosto, unha información arrepiante que en ocasións fai dubidar da comenencia de ter ou non unha rede de comunicación global e aberta como é Internet. O dato en cuestión é esta: cada día créanse na Rede 500 novas páxinas con contidos de pornografía infantil. Malia que, se ben é certo que moitas desas webs desaparecen ó pouco de ser habilitadas (aparecen e desaparecen a cotío), tamén é unha realidade que as características da propia Internet son en ocasións un atranco para os corpos de policía encargados da súa persecución e da identificación dos responsables. Estes datos foron subministrados pola Brigada de Investigación Tecnolóxica da Policía Nacional (BIT), que comezan cada ano unha media de 150 investigación e deteñen no mesmo período a 250 ou 300 persoas por levar a cabo este tipo de delitos. Segundo sinala a BIT, nestas páxinas web intercámbianse millóns de imaxes de menores, que cada vez son agredidos sexualmente máis novos e de xeito máis violento e explícito.

Philips presenta unha tecnoloxía de televisión tridimensional que podería revolucionar os videoxogos

Dende Philips están a desenvolver unha tecnoloxía coñecida coma WOWvx que permitiría ver imaxes tridimensionais nun televisor sen precisar de gafas especiais. A nova tecnoloxía aplícase ós situados en cada píxel de pantallas LCD ou de plasma, de xeito que xeran 9 imaxes con ángulos de visión distintos, de xeito que segundo o ángulo de visión poderase apreciar unha imaxe distinta, dando unha sensación tridimensional.



Aparte do seu uso para calquera tipo de contido audiovisual, dende Philips 3D Solutions xa realizaron unha demostración cun televisor de 42 polgadas no que xogaron a *Call of Duty* cun resultado abraiante, polo que esta nova tecnoloxía podería revolucionar a experiencia de xogo doméstico porque prescindiría de cascos e gafas para poder acadar un maior realismo visual.

Un congreso tratará o tema dos videoxogos aplicados á saúde

Maryland acollerá en setembro o congreso *Games for Health* que tratará o uso dos videoxogos para a mellora da saúde, especialmente no casos dos cativos, e así, poderanse promocionar distintas iniciativas de interese nesa dirección e coñecer os pasos que se poderán seguir no futuro. Tratarase así o uso terapéutico dos videoxogos para problemas para a saúde como a obesidade, a dor, a demencia, o cancro...



Ata o momento xa podemos contar con xogos coma *Re-Mission* (<http://www.re-mission.net/>), no que se pode manexar a unha heroína na loita contra as células cancerixenas no corpo humano para animar a nenos enfermos; unha compañía está a traballar no desenvolvemento do *Glucoboy*, un medidor de glucosa para nenos diabéticos que se pode conectar a unha consola compatible coa GameBoy Advance (e os seus modelos superiores); o uso de consolas de videoxogos portátiles no preoperatorio de cativos para distraer a súa atención; Kraft regala ós nenos norteamericanos alfombras de baile para que se exerciten e así perdan peso e moitas outras iniciativas (coma os xogos para exercitar o cerebro) que poderían gañar moita popularidade de concienciar á poboación do bo uso que se pode facer dos videoxogos, agardando que o congreso mencionado axude a conseguir.

Telefónica prepara unha solución que permita incluír a telefonía móbil dende o fogar nas súas ofertas

Telefónica está a desenvolver dende hai meses unha solución tecnolóxica que permitiría unha tarifa plana para tódalas chamadas de móbiles realizadas dende o fogar, xa que a operadora englobaría nun mesmo paquete a conexión ADSL, a televisión dixital e as chamadas locais, provinciais e de móbiles.

O novo sistema consistiría nun Nodo Doméstico na residencia do cliente que, aparte da instalación habitual na actualidade, incorporaría unha antena de telefonía móbil que soportaría os estándares GSM, GPRS, UMTS e HSDPA de xeito que o tráfico móbil realizado dentro do fogar circularía pola infraestrutura IP en vez de pola rede de telefonía móbil ordinaria, de xeito que Telefónica podería aplicarlle promocións para reducir o gasto en chamadas. Esta nova estratexia comercial de Telefónica podería supor unha alternativa ás redes Wi-Fi que podería ameazar no futuro á telefonía móbil, especialmente porque non precisaría terminais de telefonía especiais xa que funcionaría con calquera móbil actual.

Elas prefiren unha televisión de plasma a un colar de diamantes, segundo un estudo



Unha desas estrañas e aparentemente inútiles enquisas realizadas en Estados Unidos (neste caso para a cadea de televisión Oxygen Network) revela, entre outras cousas de “interese”, a preferencia do xénero feminino polos produtos tecnolóxicos sobre os obxectos de luxo. O país norteamericano semella estar a desprenderse (xa era hora) polo tanto dese estereotipo que, sobre todo no cinema, representaba ás mulleres como fieis visitantes de tendas de xoiería e roupa de marca. Hoxe, segundo este estudo (do que non enxergamos claramente a finalidade, aínda que semella sospeitosamente *procomercial*), colgantes e pendentes de luxo foron substituídos por innovadoras televisións de plasma ou videocámaras dixitais (seguimos a falar de obxectos, a fin de contas). Na investigación, levada a cabo pola compañía de análises de mercados TRU, resultou que o 77% das mulleres enquisadas preferirían unha televisión de plasma antes ca un colar de diamantes, e o 56% delas seguiría preferindo a televisión en vez dunhas vacacións en Florida.

Para a tranquilidade dos seguidores de Marilyn Monroe, non só ela queda desacreditada polos resultados da enquisa. Outra rubia de moda dos nosos tempos, a protagonista de *Sexo en Nova York*, tampouco parece reflectir a maioría feminina norteamericana, cando o 86% delas asegura preferir unha videocámara dixital a un par de zapatos de deseñador –poñendo como modelo un deseño de Manolo Blahnik-. Iso si: o estereotipo da muller incapacitada para a tecnoloxía choca co resultado deste estudo, no que se afirma que catro de cada cinco mulleres séntense cómoda coa tecnoloxía e practicamente o 50% resollen por si mesmas os problemas de tipo informático.

A presidenta da canle de televisión, Geraldine Laybourne, púxolle voz (conscientemente ou non) ós devezos das grandes corporacións tecnolóxicas mundiais por abrir novas vías de negocio, augurando un crecemento nos vindeiros anos do gusto e predilección das mulleres pola tecnoloxía, “*xa que cada vez están máis integradas no mercado*”, dixo.

O cotilleo xa conta cun videoblog en español e inglés

Un dos responsables do proxecto EyeOS anunciou dende o seu blog (<http://minilobo.blogspot.com/>) o lanzamento de Fresa.tv, que é un *videoblog* ó máis puro estilo da prensa *rosa* que consiste nunha rapaza facendo comentarios sobre *chismes* do mundo do espectáculo español no que se fala de asuntos *tan relevantes* coma o cambio de peiteado de Victoria Beckham.



O novo *vlog* está realizado dun xeito moi *amateur*, cunhas gravacións de vídeo claramente mellorables, aínda que de ter éxito non sería de sorprender que melloraran os medios de produción e inclúsen no vídeo algo máis que unha *cabeza falante*.

Polo momento xa destaca por contar con dúas presentadoras, Ariana e Iris, que fan os seus comentarios en español e inglés respectivamente. Poderíamos estar así nun primeiro produto nesta liña en España, onde o fenómeno dos *vlogs* aínda non conta con grandes éxitos que poidan considerarse análogos a Rocketboom ou Dignation.

Campaña en Chuza! para reivindicar o galego en La Voz de Galicia

La Voz de Galicia, malia chamarse como se chama, é un xornal escrito en castelán e esa é unha realidade que ós lectores, dependendo da causa cultural ou lingüística coa que se identifiquen, lles gustará máis ou menos. Os usuarios de Chuza! non se contan, precisamente, entre os que organizan festas que celebren a defensa do castelán (tan necesitado de defensa, el) que se fai dende hai décadas no xornal de meirande tirada de Galiza.

Polo tanto, e tendo en conta que hai unha porcentaxe da comunidade internauta galega que non sabe que existe a opción de ver os contidos da publicación en galego dende <http://www.avoz.com/inicio/index.htm?idioma=galego>, acábase de pór en marcha unha campaña en Chuza! que ten o obxectivo de divulgar esa alternativa e amosarlle á directiva xornal que o número de internautas que ven esa páxina na nosa lingua é cada vez máis importante.

Ademais, probablemente se aproveite para pedir que a ligazón www.avoz.com leve á versión galega, e non só esta coa que indicamos anteriormente.

A Internet é xa a segunda actividade de lecer doméstico

Unha enquisa realizada polo web do fogar Facilisimo.com realizada a 4.500 persoas amosa que das 13 horas e 6 minutos dedicados a estar na casa durante as fins de semana (descontadas as horas de sono e de tarefas domésticas) case o 70% de emprega a actividades receptivas e individuais lideradas pola televisión (23,22%) e seguidas pola navegación pola Internet (15,07%), escoitar música (14,36%), ler (13,12%) e escoitar a radio (11%).

Deste xeito temos que a Internet está a tomar cada día máis importancia dentro do lecer doméstico, superando a actividades moi consolidadas e sendo só superada pola televisión (que, por outra banda, é unha actividade máis pasiva).

Á phesca de identidades

Consellos prácticos para pararlles os pés ós ladróns do ciberespazo

Rompe-lo recibo do caixeiro en centos de anaquiños xa non abonda para asegurármonos da protección dos nosos datos bancarios. Non se trata de esnaquizalos e espallalos por distintos colectores e papeleiras para facer imposible a súa recuperación, senón de gardar con celo os contrasinais e identificacións electrónicas que empregamos na Rede. Falamos de como prepararnos para estar alerta contra todo o abano de roubos e fraudes que xorden ó acubillo do tecnolóxico. Tomade nota, que é polo voso ben.



PATRICIA CALVEIRO

Todo comeza coa recepción dun correo enviado por unha empresa, sexa o noso banco ou calquera outra entidade coa que poidamos manter unha relación comercial. Nel infórmase-nos de que debemos actualizar ou confirma-los nosos datos de usuario coa maior présa posible para a nosa protección. O deseño do e-mail, a letra, o logo e a presentación en xeral vén sendo a habitual, polo que non nos pasará pola cabeza a súa falsidade. Mesmo poden conter unha ligazón coa “páxina oficial” da empresa, que nos dirixe ó apartado que debemos cumprimentar. Unha vez metidos os nosos datos, estes son gardados na base de información dos delincuentes para o seu uso e disfrute. Só precisan dun nome ou dun contrasinal para facerse cos nosos aforros, conseguir créditos ó noso nome e milleiros de posibilidades máis a costa da nosa imprudencia. Esta artimaña coñecida como *phishing* – nome derivado do inglés, *fishing*: pescando- xa leva roubado arredor de 45 millóns de euros en España. Non se trata dunha trama recente, xa que se vén practicando dende finais de 2004, tempo no que as técnicas de imitación e suplantación das mensaxes oficiais fóronse perfeccionando e masificando ata acadar unha perfección case inmejorable. Lonxe xa quedaron os correos mal traducidos do inglés de vagas imitacións corporativas. O perfeccionamento acadado amosouse hai pouco nunha investigación orixinada nas universidades de Harvard e Berkeley, onde un 90 por cento dos participantes caeron no engano, mentres que as alertas do navegador foron totalmente ineficaces.

A estafa non só afecta ás vítimas directas ás que lles rouban os cartos, tamén atinxe ao e-comercio. O feito de que vexamos os servizos suxeitos a manipulacións externas sementa a desconfianza na Rede e desacredita aos correos corporativos, que xa non son unha vía segura de comunicación cos clientes. As empresas máis afectadas polo *phishing* en España foron o BBVA, Bancaixa e Caixa Madrid, que dende o ano pasado concentraron a metade das máis de 600 tentativas de estafa efectuadas. Un dos últimos prexudicados foi o Banco Guipuzcoano, que foi obxecto dunha campaña masiva na que se empregou o mesmo servidor que uns días antes fora empregado para suplanta-la páxina de Bancaixa. Ademais das entidades bancarias, tamén foron suplidas a casa de poxas eBay e a empresa de pagos online PayPal.

Vista a proliferación do delito, as distintas asociacións de usuarios da Rede están a lanzar unha serie de campañas alertando aos internautas para que non cedan os seus datos ou contrasinais baixo ningún reclamo sen ter antes confirmado a oficialidade do trámite. A organización creada nos EE UU para combater este fraude –Anti Phishing Working Group- calculou que naquel país efectuáronse o 15 % dos ataques en todo o mundo. A Asociación de Internautas (AI) elaborou unha guía coa que informar do fraude ó estimar un índice de alertas do nivel 5, máximo no *ranking* de emerxencias.. A Comisión Federal de Comercio –sito web especializado no roubo de identificacións-, e provedores como Microsoft, Hispasec Sistemas ou Panda Software tamén ofrecen consellos e programas para protexermonos da falsificación do URL.

Identificación

Existen algunhas claves coas que identifica-las mensaxes fraudulentas. Os textos, por exemplo, pecan de excesiva vehemencia e tentan alarmar ao receptor para que responda canto antes, dada a curta vixencia que teñen –como moito duran dous días- para non seren localizados. Ó contrario do habitual na práctica lexítima, as mensaxes non están personalizadas posto que son campañas masivas non dirixidas a suxeitos concretos na meirande parte dos casos. Cómpre considerar se mantemos algún tipo de relación coa empresa e, dado o caso, se o asunto tratado e a redacción empregada na mensaxe son propias da entidade. Non hai que esquecer que ningún banco nin institución de prestixio realiza tarefas de verificación a través de correos, polo que a información sensible só debe ser descifrada na páxina oficial da empresa ou ben na ligazón cifrada.

Prevenición

Ante unha mensaxe sospeitosa, antes de acceder á suposta páxina oficial, debemos comprobar se o enderezo ó que nos remite concorda co enderezo real –para iso abonda con situ-lo rato sobre a ligazón e comprobalo. Aínda que non é determinante, nos sitios seguros o enderezo do navegador comeza por “http://”,

amais de estaren cifrados, polo que aparecerá unha pechadura ou ben unha chave na parte de abaixo do navegador que amosan os datos (se prememos neles) do certificado de autenticidade. En caso de dúbida, antes de cumprimentar formulario algún debémonos asegurar da autenticidade da mensaxe telefonando á compañía en cuestión. No caso de confirma-la súa falsidade, cómpre comunicárllelo ó Centro de denuncias de fraude de Internet e á Comisión Federal de Comercio, que traballan en todo o mundo xunto coas autoridades legais para clausurar este tipo de sitios web e identifica-los responsables do roubo de identidades.

Nomasfraude.es: unha web para fortalecernos ante o fraude en liña

Unha nova web para que sexamos máis fortes e esteamos máis preparados de cara a un dos grandes perigos da Sociedade da Información: o fraude en liña. Esta é a finalidade de www.nomasfraude.es, iniciativa do Ministerio de Industria, INTECO, a Asociación de Internautas e Panda Software, coa que tamén se quere evitar que os “*ciberdelincuentes* aproveiten o período estival, xa que os usuarios pasan máis tempo empregando o PC, ó dispor de máis tempo de lecer” (de feito, prevese máis actividade do *cibercrime* nas vindeiras semanas). A web é, sobre todo, un espazo informativo e formativo onde se ofrecen solucións tanto para usuarios de Windows como para usuarios de Linux. Algo así como un centro de ensino onde se nos aprende a protexermonos, tendo en conta que o abano de ameazas é abondo amplo: *troianos bancarios, phishing, muleros, pharming...* Outro dos obxectivos é rebaixar na medida do posible unhas cifras máis ca preocupantes: o 70% dos virus e outras ameazas detectados en 2006 están vencellados ó delito, os programas espía e ladróns de datos incrementáronse nun 175% e de tódolos intentos de *phishing* contabilizados, o 75% foron dirixidos a usuarios de banca en liña. Nesta situación, as catro entidades responsables da iniciativa consideraron máis necesaria ca nunca a posta en marcha dunha web que, dalgún xeito, canalizase a loita contra o fraude nas redes. A páxina, que xorde da primeira *Campaña contra o roubo de identidade e o fraude en liña*, ten os seguintes elementos salientables:

- Información sobre as ameazas e formación para defenderse delas.
- Solucións antivirus especialmente deseñadas para protexer ó internauta. Para os usuarios de Windows ofrécese o Panda Antivirus 2007, incluíndo todo tipo de servizos de balde. Os usuarios de Linux, pola súa parte, terán á súa disposición a *suite* de seguridade Panda DesktopSecure, cen por cen gratuíta.
- Escaneos en liña gratuítos dos PCs.
- Canle de denuncia onde se convida á comunidade internauta á solidariedade. É dicir: os internautas que teñan atopado intentos de fraude poderán describilos e denunciálos co fin de facer máis segura a navegación de outros usuarios.

Outras modalidades de phishing

Phishing-car. Modalidade de estafa na que se ofertan vehículos de luxo a prezos moi económicos. O vendedor adoita a actuar no 90 por cento dos casos dende o estranxeiro, polo que ensina o presunto produto por fotos. A maioría di atoparse no Reino Unido, onde a condución é o revés, e precisan desfacerse do “vello” automóbil para costearse un novo adaptado as condicións do tráfico. Pídeselles ós compradores que envíen entre o trinta e o corenta por cento da prezo ofertado como sinal.

Vishing. Chamada telefónica mediante un sistema de marcación automática aleatoria na que advirten dun uso ilegal da tarxeta de crédito da vítima en cuestión. A chamada remítea a un número de tarificación especial que pertence supostamente a un banco, onde unha mensaxe gravada lle solicita que teclee os números da súa tarxeta de crédito ou outros datos financeiros persoais para bloquea-la tarxeta presuntamente saqueada.

Páxinas de falsa recarga telefónica. Son a escusa perfecta para facerse cos datos bancarios daqueles que non recibirán recarga e verán como a súa conta é saqueada. Tamén se emprega o pretexto dun *falso premio económico* que para ser ingresado precisa dos datos bancarios do “afortunado”, e mesmo nalgúns casos chega a solicitárselle unha parte do suposto premio para poder cobra-la súa totalidade.

Scam. Oferta laboral ficticia para “*traballar comodamente dende casa*” recibindo transferencias bancarias a unha conta que os estafadores esixen abrir para despois reenvialas a países estranxeiros. Consiste en apreixar persoas facéndose pasar por empresas inexistentes para branquear dese modo os cartos obtidos polos fraudes bancarios. Unha vez obtidos os datos da vítima, esta non se pode negar a colaborar no branqueo, do contrario verse sometida a ameazas.

Pharming. Método máis complexo de *phishing* que manipula o noso computador ou o remoto para substituí-los enderezos DNS que emprega o usuario por outros que imitan a aparencia das páxinas orixinais co fin de facerse cos nomes e contrasinais de acceso dos internautas. Trátase en definitiva do desvío do tráfico da Internet dun sitio web a outro plaxiado, no cal os datos inseridos almacénanse *ipso facto* nunha base de datos.

Street wars: axentes 007 mobilizados na Rede e con licenza para mollar

Hai dous anos xurdiu en Estados Unidos un xogo convocado dende a Rede no que os participantes tomaron durante tres semanas as rúas de Nova York nunha peculiar liorta ó aire libre. O éxito das *Street Wars* -ou *Guerras Callexeiras*- levou aos organizadores a importa-lo evento a outras grandes cidades: Vancouver (Canadá), Viena (Austria), San Francisco e Los Ángeles (USA). O xogo de moda en Norteamérica chegou finalmente a Europa e estívose a desenvolver hai días en Londres co mesmo éxito ca no continente veciño. De feito, a principios de agosto eran xa preto de 150 internautas os que estaban a vivir unha aventura no centro da capital do Reino Unido que comezou o 25 de xullo para rematar o 15 de agosto.

Cada un dos xogadores posúe unhas tarxetas cos seus obxectivos, co seu nome, foto, un número de móbil e o enderezo do seu lugar de residencia e traballo. A trama, ou polo menos o celme do xogo, semella o dunha película de acción, con tódolos xogadores perseguíndose uns ós outros co propósito de acadar ó contrario cunha pistola ou globo de auga. A finalidade última, amais de divertirse? Facerse coas tarxetas dos opoñentes, até que o final un dos participantes, que será vencedor, reúna todas.

Durante os 21 días establecidos só estíbrton a salvo na zona de traballo, nos autobuses e paradas de autobús, e nos bares sen restaurante, xa que os promotores do xogo "*son partidarios de fomenta-lo alcol*", tal e como declararon para o diario estadounidense Los Ángeles Times. No garaxe, nas tendas, na gasolinera... cada pé que botasen fóra da porta podía converter nunha persecución ou nun "tiroteo". Mesmo na súa propia casa foron atacados para sorpresa dos que con eles vivan.

A cota de participantes londinienses pechouse cedo. Só cumpría ser maior de idade (e non vivir cos pais), achegar dúas fotos carné xunto coas localizacións onde se acharían durante eses días dentro do perímetro de xogo da cidade, facilitar unha conta de correo activa e pagar unha entrada de 35 dólares. O reto podía asumirse en solitario, pasando a ser un "asasino" particular, ou ben en grupo, como membro dun comando organizado co que facer asaltos e quendas de espionaxe ás vítimas.

A recompensa para quen conseguise recupera-la súa tarxeta é un fondo de cincocentos dólares (uns 400 euros) e a satisfacción nada desprezable de poder dedicarse a cazar sen medo algún a ser cazado, mentres que o premio do gañador absoluto

-amais da dotación económica-contou co recoñecemento de ter sido supervivente e heroe da cidade.

Desertores

Aliquo, fundador das *Street Wars*, decidiu poñelas en marcha para engadir un aquel de excitación ó tedio cotián da súa vida e revivir parte da nenez. Mais o xogo de rol en cuestión é un desafío co que os participantes se deben afrontar cada día, e moitos acababan por desertar. Hai quen ten medo ó comezo e quen se farta da presión do asedio continuo que supón vivir finalmente o que soñaran ser, algo así coma o *Axente 007 con licenza para mollar*. A fuxida non é unha solución neste caso, xa que os que abandonan a cidade máis dun par de días para desconectarse da *Guerra* deben facilitar dous novos enderezos ós seus cazadores, polo que á volta o remedio éllas peor cá enfermidade.

Medidas de seguridade

Aínda que os organizadores insisten para que os xogadores non creben as leis, sempre hai entusiastas que se deixan levar pola intensidade do intre. Foi o caso do primeira *Guerra Callexeira* de Nova York, onde un participante tentou escapar conducindo nunha calzada dun só sentido contra o tráfico. O enfrontamento forma parte dun xogo, e non debería pasar de aí, da competición sa, mais as veces a tensión pásase ó terreo persoal e córrese o perigo potencial de leva-la liorta á vida real. A organización colabora neste sentido coas autoridades locais para facilitarlles toda a información que precisen coa que poder sanciona-las transgresións que os participantes cometan.

Existe ademais o risco de causar pánico entre os peóns que non estean ó tanto do xogo. Moitas veces as pistolas pódense confundir con armas de verdade. Nese senso, Scotland Yard advertiu ós participantes do xogo contra a posibilidade de provocar confusión entre as forzas da orde que puidera levar a un enfrontamento con axentes armados. A policía de transportes londinienses tamén insistiu para que os xogadores actuaran con cautela entre os peóns e usuarios do transporte urbano, tendo en conta a susceptibilidade que perdura na memoria da cidade perante os atentados alí cometidos e que o ano pasado arrepiaron ó mundo. "*Toda infracción na rede de transportes públicos será tratada coa maior seriedade*", declarou ó respecto o superintendente Bob Pacey.

A polémica

As *Guerras Callexeiras* están a ser un fenómeno de tal envergadura que os fundadores están en negociacións cunha canle estadounidense para comercializar un *reality show* sacado do xogo. Porén, unha parte da sociedade americana está a desenvolver



ataques contra un evento, xa que "*alenta a violencia nunha sociedade que ten as taxas máis altas de homicidio*". Este grupo de detractores está encabezado polo alcalde da cidade neoyorkina, Michael R. Bloomberg, e o grupo País de Nenos Asasinados de Cincinnati.

Ligazóns de interese

- <http://www.streetwars.net>
- Los Angeles Times: <http://www.latimes.com/news/local/la-et-streetwars13mar13,0,6527312.story?coll=la-home-headlines>
- Noticiasdot.com: http://www2.noticiasdot.com/publicaciones/2006/0706/2607/noticias/noticias_260706-19.htm
- <http://www.trendhunter.com/trends/streetwars-hits-london/>

Non tes con quen xogar?... Busca na Rede

Consólidanse as actividades (festas, deportes, xogos) convocadas a través de redes sociais en liña

A comunidade Popomundo permite ós seus membros converterse en estrelas virtuais da música

Quen non soñou algunha vez con ser unha estrela da música? Facer concertos, espertar admiracións, gañar dúas de millóns facendo o que che gusta... Un novo xogo de rol semella ofrecernos a posibilidade de aventurarnos no mundo musical dende Popomundo, unha comunidade en liña da Internet que xa conta con preto de 37 mil membros. Polo visto (polo que din os usuarios) non fai falla abandona-lo traballo e botarse de cabeza ó competitivo mercado discográfico do mundo real. Non temos que renunciar a ren, nin ó noso salario estable nin á nosa cidade para marcharmos á capital onde hai máis posibilidades. Simplemente abonda con rexistrarte na comunidade virtual creada por Popomundo para loitar por facerse un oco nas listaxes de vendas sen altera-la nosa vida. O rexistro é de balde, só se precisa unha conta de correo electrónico activa.

O obxectivo é acadar-la fama nunha industria musical virtual, nunha cidade recreada que ti escollas -Barcelona, Londres, Amsterdam, Nova York, Moscova, etc. Comezando de cero, terémonos que esforzar como camareiros ou repartidores para poder costear-los estudos de música e o aluguer do local onde ensaiar. Nada vén como agasallo, pero con esforzo podemos chegar a monta-la nosa propia produtora. O xogo desenvólvese en tempo real e prosegue aínda que non esteamos conectados. Ningún personaxe é ficticio nin está controlado pola computadora, senón que todos son dirixidos por xente real dende tódolos recunchos do mundo. Cada un coa súa imaxe, cunha personalidade definida, co seu estilo musical, co seu grupo ou banda, coa súa familia, mascota, caseiro, amizades... Unha vida paralela que compartiremos con outros que tamén se mergullaron no mundo artístico da Rede.

Desillusion é a banda de rock moderno -estilo musical máis demandado- que está a liderar o mercado. O grupo naceu a finais de xaneiro deste ano, e en seis meses conseguiron acadar-lo primeiro posto das listaxes chegando tanto a mozos como a adultos. Veñen de lanza-lo seu segundo disco, *Afterlife*, e xa teñen 26 concertos fixados até setembro en Helsinki, Berlín, Moscova, Melbourne, Bos Aires, París, Amsterdam, Toronto... Dolores Bradley (coñecida artisticamente coma DB) é a voz principal do grupo, *melbournesa* de 28 anos, é unha moza sedutora e moi carismática, aínda que os membros masculinos Stephan e Bernie supérana nas votacións individuais. O punto frouxo da banda é Carleen, a nova e promiscua DJ, quen pode chegar a gastar nunha noite de festa máis de 21 mil dólares. A "*terrible*" voz de Carleen seica é compensada polo seu "*insuperable*" talento para a música.

Máis en www.popomundo.com.

“Como comunidade creo que non nos arrepentimos de nada de momento”

Entrevistamos a Berto Yáñez, responsable da posta en marcha dun dos servizos que máis está a dar que falar na rede galega: Chuza!, un novo tipo de xornal no que o lector/redactor autoxestiona os datos que recibe e envía

Chuza! vén a ser un acougo para os que estamos a piques de afogar na Sociedade da Sobreinformación.

Tamén se pode definir como o que queda logo dun peneirado de datos nun proceso de escolma no que actúan xa máis de 400 internatuas sostendo a peneira.

A cifra de usuarios medra por momentos, segundo nos conta Berto Yáñez, responsable da posta en marcha desta gran redacción espallada por Galiza e polo mundo onde non hai nin espazo convencional de traballo nin xefe editorial. Só moitos cerebriños de ideoloxía máis ben progresista tentando amosar que, para certas cousas, funcionan mellor xuntos ca por separado. Ademais, sinala Berto, estamos a falar dunha comunidade en liña que, polo de agora, non se arrepinte de nada. Chuzar a nova é darlle importancia, e cada un dos votos ten un valor diferente que vén determinado polo karma da persoa. O sistema é, tamén, fillo do seu tempo: agora, o usuario é quen autoxestiona os datos que recibe e envía. Podémolo ver en www.chuza.org.

F.S.

-Nós dicíamos hai unhas semanas que co voso servizo web pódese acadar unha boa colleita de coñecemento. Pasámonos da raia?

-Eu creo que non, en case tódalas webs pódese acadar coñecemento, máis ou menos... pero o que fai diferente a esta



Berto, presumiblemente a piques de chuzar

é que amais de acadar coñecemento, o usuario pode emitir e valorar. É coma, salvando as diferenzas, consultar algo na Gran Enciclopedia Galega ou facelo na Galipedia.

-Poderíamos dicir que sodes unha saída para os internautas galegos saturados de información? Un alivio?

-A saturación da información é algo inherente a natureza de Internet e eu creo que as fontes de información que estamos a visitar son un átomo da punta do iceberg da Internet de dentro de uns anos, o alivio son os sistemas que permiten filtrar, organizar e facernos máis doada a discriminación dunhas informacións con respecto a outras, en base a unha confianza na comunidade.

-Respecto á anterior pregunta, non credes que corremos o risco de ser tan incultos no noso exceso de páxinas web e medios de información ca no seu defecto?

-Remítome a pregunta anterior, non me parece un síntoma de incultura senón unha tendencia propia dun sistema de información en rede como é Internet.

-De que estades realmente orgullosos?

-Da comunidade, dos risos que nos botamos no *fedello*, das frases memorábeis tamén no *fedello*, de cando nos atopamos en persoa... en fin, iso: da xente.

-De que vos arrepentides á fronte de Chuza!?

-Pois, como usuario, do que me podo arrepentir na miña vida “real”, como calquera persoa: dalgún comentario feito sen pensar, algunha historia chuzada a “mala hostia” e pouco máis. Como comunidade creo que non nos arrepentimos de nada de momento, pero só levamos 4 meses.

-Quen está detrás de Chuza!? Como se suple a figura do xefe que se mete nun despacho co equipo de redacción cun habano nos beizos e un látego agochado baixo a mesa?

-Detrás de Chuza! están 400 persoas rexistradas que emiten, valoran e interactúan co contido que se pode ver diariamente na web. Chuza é un exemplo funcional de páxina de contido controlado polo usuario, non existe editor que marque liñas nin persoa algunha que decida o que se publica e en que orde, nós ponderamos o contido segundo o noso criterio en forma de votos as noticias que nós mesmos enviamos e unha serie de ecuacións matemáticas transforman esa ponderación nun filtro social que controla a publicación das historias.

-Xa superastes as 4.000 historias publicadas este verán. E só con 138 días de vida Facede autoanálise: como vos sentides?

-Hei de recoñecer que antes de montar Chuza! sabía que era un sistema de edición de contidos que ía ter boa acollida en Galiza porque aquí había

unha rede emerxente, unha morea de produción de contidos pero tamén existía unha carencia de comunidades en rede. O noso contorno está evolucionando cara a unha “web 2.0” que, aínda que sexa un concepto un pouco gastado, xa implica unha forma de concibir Internet moito máis orientada cara ao usuario e á capacidade que ten el de autoxestionar a información que recibe e envía. Se axuda a que conceptos como estes se afiancen en Galiza pois creo que nos deberíamos sentir moi ben.

-En liñas xerais e brevemente: como funciona Chuza!?

-Pois chuza é un sitio web onde os usuarios poden enviar historias e os outros usuarios valóranas votando positiva ou negativamente de forma que estas son publicadas na páxina principal, non publicadas ou descartadas por ter algunha anomalía (duplicadas, erróneas, correo lixo). As historias sempre fan referencia a unha *url* pre-existente (unha nova, *post*, calquera cousa que teña un enderezo web...) e teñen un titular, pequeno texto e poden ser comentadas por outros usuarios.

Chuza! danos a oportunidade de ter un sistema de publicación de contidos e ligazóns onde unha comunidade pondera a súa importancia e as comenta. O mesmo que os blogs nos deron a oportunidade de emitir información dunha forma sinxela e accesible á maioría da xente, Chuza! danos outras oportunidades que si creo que son básicas para entender a Internet do futuro.

-Visto así semella todo doado...

-O funcionamento é moi sinxelo a nivel técnico, onde está a cuestión é nos procesos que ocorren cada intervalo de tempo e que aplican os algoritmos de análise social aos votos da xente e deciden cales novas publicar e recalculan o *karma* dos usuarios. Isto do *karma* mide a importancia que ten cada usuario en Chuza!, un valor entre 6 e 20 que indica o nivel de participación que ten o participante na comunidade.

-Cara onde vai esta rede social? Cara a máis chuzarrascadas? É dicir: cara a celebración de máis encontros na vida real dos usuarios?

-Esa é unha parte importante, de momento fai máis comunidade o licor café ca unha wiki :) ese tipo de encontros fai ver dun xeito diferente a moita xente ao coñecela en persoa

e engraxa bastante o motor dunha comunidade.

-Pode Chuza! mellorar a realidade, ou polo menos a vida social e política galega?

-Como xa dixen antes, Chuza! danos a oportunidade de ter un sistema de publicación de contidos e ligazóns onde unha comunidade pondera a súa importancia e as comenta. O mesmo que os blogs nos deron a oportunidade de emitir información dunha forma sinxela e accesible á maioría da xente, Chuza! danos outras oportunidades que si creo que son básicas para entender a Internet do futuro... pero é unha comunidade de xente, polo que eu diría que o conxunto de xente que a usa é a que pode axudar a mellorar a realidade :)

-Pode empeoralala?

-Dígoche o mesmo que na pregunta anterior. En calquera caso, espero que non o faga.

-Ten Chuza! liña ideolóxica?

-Supoño que a liña ideolóxica é a liña ideolóxica que moldea a comunidade que a fai... a cal vén tendo un perfil *progre* abondo aínda que semella que dentro dela conviven múltiples ideoloxías que van dende o independentismo leninista ata o liberalismo e, malia isto, non hai moita “bullia” habitualmente.

-Cantos usuarios hai rexistrados neste intre?

-Pois agora mesmo a principios de agosto hai 405 persoas rexistradas, mais non todas teñen actividade diaria. Pero, como dato indicativo, dicir que máis de 200 usuarios diferentes enviaron algunha vez unha historia e máis de 300 votaron algunha vez.

-De onde saen os usuarios rexistrados ou non? Que tipo de xente son (se é que é posible facer un retrato robot do membro prototípico desta rede social)?

-Non se gardan datos persoais dos rexistrados a maiores do correo electrónico. Ou sexa, que só podo facer unha estimación do que preguntas pola xente de Chuza! que eu coñezo. Unha persoa entre 20 e 40 anos, con coñecementos medios/altos de Internet e os seus protocolos e linguaxes, que adoita ter web (blog habitualmente) e polo seu traballo (ou carencia del) adoita estar a maioría do tempo conectado á Rede durante o día. Para máis información podedes buscar “geek” na Wikipedia.

-Como é a vosa publicidade?

-Hai un par de meses incluíuse publicidade en Chuza!, o cal supuxo un certo debate na comunidade pero realmente a web ten os seus gastos tanto en *server*, mantemento e moitas outras cousas para as que se teñen que procurar unha canle de financiamento. Agora mesmo hai publicidade en proba coas condicións de que sexa galega e en galego e así quedará durante un tempo a espera de analizar os resultados e despois, sabe *Dios*... supoño que isto avanzará na medida que avance Chuza!

REDACCIÓN

Carrefour. Centro comercial moi visitado da Coruña, ás 20.00 horas do día 1 de agosto. Un compañeiro da redacción de Código decide facer por el mesmo a investigación sobre o que hai no mercado en materia de detectores legais de radar. En parte por motivos de certo xornalísticos e, tamén, se cadra, por intereses estritamente persoais (o compañeiro ten que percorrer a cotío a metade noroeste de Galiza de arriba a abaixo). Tras unha boa serie de esforzos visuais polos andeis do devandito complexo comercial dáse de cheo co obxecto da pescuda: tres diferentes modelos de detectores legais de radares móbiles de fixos, cen por cen legais, o que quere dicir que están homologados pola Dirección Xeral de Tráfico e que obteñen a información de www.dgt.es, onde se dá conta da situación dos dispositivos fixos. Cun prezo entre os 100 e os 200 euros, máis baratos dende logo que moitas sancións por exceso de velocidade, os detectores de radares poden ser tamén un medio, modesto e indirecto, de reducir a taxa de sinistros. O día 1 de agosto o noso compañeiro atopou tres modelos: Inforad Coche, Inforad V3 e Woxter Shepa 500 GPS. Todos eles indican, a maiores, as zonas de riscos da rede viaria galega, os puntos negros e os potencialmente perigosos. Operan con tecnoloxía GPS (rede de satélites que emiten sinais ó un receptor e que definen a localización e a velocidade do vehículo).

Estes tres dispositivos son só un pequeno exemplo de todo o que a tecnoloxía pode facer por nós, e é posible que, de entre os europeos, os galegos sexamos os máis necesitados dela. Por que? Pois porque pode axudar a ter unha condución máis segura e controlada e o tráfico na nosa terra pode ser moitas cousas, mais non semella precisamente seguro.

Aquí van algúns datos dignos de ser tidos en conta:

- A cifra de sinistros mortais de tráfico en Galiza acontecidos dende a posta en marcha do carné por puntos (o 1 de xullo) até o 24 de xullo incrementouse un 50% con respecto ó mesmo período de 2005.

- O número de falecidos rexistrados no período devandito medrou un 40%.

- No resto do Estado, a taxa de accidentes foi do 27% e de mortos do 28%.

Os números, polo tanto, falan por si mesmos.

Nota: Para o mes de agosto, a Xunta e Interior decidiron achegar vehículos con radares ás policía locais e instalar cinco novos radares móbiles nas estradas secundarias de Galiza e oito fixos máis en diversos puntos da nosa xeografía (7 na coruña –catro deles na Vía Rápida do Barbanza-, 3 en Lugo, 3 en Ourense e 5 en Pontevedra).

Mais sigamos ollando cara a atrás. Concretamente ó día 28 de xullo, en Cataluña, nos intres previos a unha operación saída na que se prevén preto de 650.000 vehículos en circulación. Vía diferentes medios en liña recibimos unha información que non sabemos moi ben se é sobre tráfico ou sobre tecnoloxía, ou de ámbolos temas. Trátase da posta en marcha dunha ferramenta do Servei Catalá de Tránsit que permite ós condutores ter acceso ás cámaras de tráfico das estradas. A

tecnoloxía empregada como soporte son os teléfonos móbiles GPRS, UMTS e WAP, a través do envío de mensaxes curtas de texto ó 5012. Que significa isto? Pois en liñas xerais que os usuarios poden ter información que lles axude a eludir atascos ou zonas conflictivas. Esta tecnoloxía non é a solución a tódolos problemas (nin moito menos), pero pode axudar, se cadra non a salvar vidas pero si a acadar un tráfico máis fluído e, sobre todo, maior confianza ó volante.

Para cando cousas semellantes en Galiza?

Como tamén podería axudar outro desenvolvemento do que tivemos constancia hai xa algúns meses e que rescatamos agora facendo uso da nosa particular máquina do tempo que é Internet (que tamén constitúe en ocasións a memoria que nos falta). A nova, vista en Elmundo.es e noutros xornais en liña, referíase a un sistema de visión creado por un grupo de científicos da Universidad de Alcalá que permite detectar e advertir de xeito anticipado os distintos sinais de tráfico. Algo así como un dispositivo de *preconsciencia* nas estradas que, igual que fai Internet (volvemos co mesmo tema) axudaría a cubrir certos baleiros ou carencias de información. Este desenvolvemento, que non usa nin radares nin láser, inclúe a instalación dunha serie de cámaras no automóbil que recollen imaxes dos vieiros para logo procesalas na computadora. Logo deste proceso (que por certo din os seus creadores que é inmediato, e debe selo, para ser efectivo), a máquina está en disposición de advertirnos sobre as infraccións nas que puideramos estar a caer e sobre as manobras máis aconsellables en virtude dos sinais de tráfico que temos diante. Trátase, en definitiva, dun proxecto tecnolóxico que semella útil abondo e que podería ser o substituto, a fin de contas, do copiloto que pon a parte do cerebro e atención que en ocasións ós condutores nos falta (coma o clásico amigo que está a sacar o carné).

Mais reteñamos agora este punto: falta de atención. Esta segue a ser, non se pode deixar de lado, unha das principais causas da elevada sinistralidade nas estradas, unida case sempre a outros desencadeantes (non soe aparecer soa). Segundo o director xeral da DGT, Pepe Navarro, os motivos principais das sancións sobre o carné por puntos dende que este se puxo en marcha son os seguintes: o exceso de velocidade (25%), a ausencia de cinto de seguridade (o 20%), a alcoholemia positiva (un 15%) e o uso do móbil sen tecnoloxía homologada de mans ceibas (10%). Respecto a este último punto, non deixa de ser difícil de explicar por que moitos de nós seguimos a falar polo móbil ó volante habendo no mercado solucións homologadas a distinto prezo (algunhas delas baixan dos 60 euros) que non nos obrigarían sequera a afastala vista da estrada no caso de recibir unha chamada. Mais esta tecnoloxía non dá collido folgos, e calquera diría que temos confianza de máis nas nosas posibilidades ou que nos gusta atopar novos xeitos de manda-lo móbil polo aire no habitáculo do coche en canto aparece Tráfico. Sexa como sexa, a oferta semella ampla abonda, tanto en concesionarios como en tendas de telefonía, con marcas como Parrot, Blue-



<http://www.flickr.com/photos/poagao/>

As novas tecnoloxías axudarían a reducir o número de sinistros nas estradas

Temos algún problema? Xa entrou en vigor o carné por puntos e nin as medidas de prevención nin o devandito carné conseguiron que baixase a taxa de accidentes en Galiza. Os políticos falan de “resistencia negativa galega”. E que significará iso? Será que estabamos todos na praia cando se divulgaron as campañas de precaución? Polo visto, é algo que xa arrastrabamos dende hai tempo, non é nada novo, e a chegada dos puntos fixo que se puxera máis de manifesto, precisamente porque no resto de Estado si que baixou a mortalidade. As causas son variadas: estradas defectuosas (a Vía Rápida do Barbanza é un bo exemplo disto), dispersión da poboación e, tamén, certa tendencia a ir a contrapelo das tecnoloxías. Os nosos coches son antigos de máis e a I+D na condución é para nós unha maquiña de afeitar á que non lle damos quitado a funda. Terá algo que ver isto coa histórica resistencia dos galegos a poñerse en Internet?

Car (o modelo “1” vímolo a menos de 60 euros), Siemens, Sony-Ericsson, Nokia ou Motorola. Empregan normalmente a tecnoloxía Bluetooth (que posibilita o uso con calquera móbil compatible con este estándar) e permiten facer ou recibir chamadas por medio da voz. Sexa como sexa, se finalmente temos o sentido común de adquirir un destes dispositivos (cansados xa de facer que nos doe o pescozo en canto vemos as luces azuis do coche da Garda Civil), cómpre lembrar que os que inclúan auriculares ou semellantes non están homologados.

Mais é preciso tomar en serio estas cuestións. Se a tecnoloxía pode valer nos para algo ós galegos no que se refire ás estradas non é para que nos multen menos senón para salva-la maior cantidade de vidas. Mais, pode ser a presenza dun parque automobilístico vello de máis con graves carencias de novas tecnoloxías de seguridade activa (as que axudan a evitar o sinistro) e pasiva (as que reducen as súas consecuencias) unha das causas da elevada taxa de sinistros do noso país? É posible que si, polo menos esa é a opinión de expertos como psicólogo Luis Montoro, entrevistado hai pouco na web

www.cop.es, para quen hai que engadir outros factores semellantes, como o pouco que levamos o automóbil ó taller e a nosa falta de coñecemento sobre as características dos nosos coches. Sexa como sexa, hai expertos que sinalan unha inminente chegada da I+D máis innovadora ó eido da circulación. Un deles é Javier Martínez Plumé, profesor do Instituto de Robótica da Universidad de Valencia, que opina que xa queda pouco para que a sociedade interiorice a linguaxe das novas tecnoloxías, sendo cousa de poucos anos que nos atopemos nun cruzamento cun panel informando do estado das dúas vías.

Ó seu xuízo, a tecnoloxía pódenos axudar a estar mellor e máis informados: *“Chegan as vacacións e queremos viaxar, pero se o facemos coñecendo tódolos datos, e non só os prognósticos senón tamén os acontecementos da ruta, podemos axeitar a velocidade, adiantar a hora de comer, aparcar ou visitar un pobo... Redúcese así a sensación de desconcerto, de desacougo que xera o non saber que atoparemos dez quilómetros máis adiante”*, sinala, nunha entrevista publicada na canle Consumer.es.

UN SALVAVIDAS CHAMADO “E-CALL” A tecnoloxía automática de chamadas ós 112 sería un equipamento estándar nos vehículos a partir de 2009

Tirar proveito da tecnoloxía para axudar a salvar vidas mentres aínda se poidan salvar. Ou sexa: mentres non remate a “hora de ouro”, eses sesenta minutos claves nos que son cruciais a rapidez e a efectividade. Esa semella ser a base dun dos proxectos de máis longa xestación da Comisión Europea, o sistema de chamada de emerxencia e-call, que consiste nunha tecnoloxía inserida nos automóviles dende a que se emitirían datos sobre onde estamos exactamente, información que fóra de toda dúbida é de utilidade, xa que se minimizaría de xeito radical o tempo de chegada dos servizos de emerxencia. A vulgar por unha investigación aprobada polo Parlamento Europeo, estímase que esta tecnoloxía baseada no emprego de GPRS e unha caixa negra podería salvar até 2.500 vidas ó ano. E a nosa pregunta é: a que agarda a Comisión Europea?

REDACCIÓN

O sistema de emerxencia *e-call* que prepara dende hai anos a Comisión Europea é coma unha gran idea que non se dá convertido en realidade, unha desas obras de capital mixto que non remata nunca e na que a cotío albiscamos un horizonte de grúas. De feito, hai que ter en conta que o protocolo para a posta en marcha deste proxecto foi asinado xa hai dous anos, no transcurso dun verán especialmente dramático en perda de vidas nas estradas. Deste xeito, o longo proceso de xestación é especialmente molesto se temos en conta que con esta nova tecnoloxía público-privada (a Eurocámara foi a encargada de dicilo) poderían salvarse até 2.500 vidas ó ano. A chave sería apurar ó máximo as novas tecnoloxías para reducir o tempo de resposta dos servizos de emerxencia. Calcúlase que este tempo poderíase minimizar nun 40% en zonas urbanas e nun 50% en rurais. Como facelo? Pois a través dunha infraestrutura que lles di ós servizos o que nós non podemos dicirlles: onde foi con exactitude o lugar do accidente. Isto faise a través dunha sinxela chamada (normalmente



Coa tecnoloxía e-call incrementaríanse as posibilidades de actuar na “hora de ouro” en caso de accidente

ó 112 máis próximo), que pode facer o condutor ou o sistema. Detallamos agora a tecnoloxía que emprega.

· **Caixa negra.** Ás caixas negras tamén se lles denomina “rexistradoras de voos”, por ir cinguidas dende hai moitas décadas á recompilación de datos das avións comerciais. As caixas negras rexistran a actividade dos instrumentos e as conversas na cabina. Polo tanto, se acontece un accidente, achegan información para avaliar o acontecido. No caso do *e-call*, estaríamos a falar de funcións semellantes. Iría instalada nos vehículos co fin de fornecer datos por radio ós servizos locais en caso de despregue do *airbag*, sinalando tamén as coordenadas de GPS.

· **GPS.** Esta tecnoloxía, por medio dunha serie de receptores de sinais de satélites, permite establecer a localización exacta e a velocidade do vehículo. As súas siglas queren dicir “Sistema de Posicionamento Global” (“*Global Positioning System*” en inglés). A súa precisión hoxe en día é moi alta, achegando as posicións con marxes de erro de centímetros. A orixe desta tecnoloxía, coa que agora se poden salvar vidas, é paradoxalmente militar, e dicimos o de “paradoxal” xa que probablemente non hai nada no mundo que teña estragado máis vidas (vémolos a cotío) có militar. No caso do *e-call*, o GPS serviría para achegar coordenadas a través da caixa negra. A chegada masiva do *e-call* como equipamento estándar de tódolos vehículos está prevista para 2009. Así o quere a Comisión Europea, que é

partidaria de leva-lo até ós vehículos pesados. Ademais, 2007 dedicárase a facer ensaios reais do proxecto. Até o momento, tense implantado de xeito específico en países como Finlandia, onde se conseguiu reducir entre un 5 e un 10% o número de vítimas mortais nos sinistros circulatorios. Mais, cal é a razón da súa tardanza á hora de chegar ós nosos coches? Segundo se sinala na Wikipedia, o meirande obstáculo é a estandarización dos protocolos. É dicir: a nova tecnoloxía segue a ser unha Torre de Babel rebordante de linguas, formatos e sistemas incompatibles entre si. Até o de agora, semella que diversos prototipos con GPRS están a dar bos resultados. Cómpre lembrar que o GPRS é a tecnoloxía que está entre os móbiles tradicionais (GSM) e os de terceira xeración (UMTS) e que é moi útil para conexións a Internet, debido sobre ás altas velocidades de transmisión de datos que achega. As siglas son *General Packet Radio Service*.

Máis vantaxes

Entre as vantaxes do *e-call* non só están as que se refiren a salvar vidas, segundo se reflicte no devandito estudo da Eurocámara. Cómpre sinalar que tamén posibilitaría unha baixada dos gastos en investimentos de tráfico de até uns 26.000 millóns de euros. Asemade, contribuiría a acadar un tráfico máis fluído, problema especialmente grave nestas datas do verán, agora que se achega a *operación retorno* das vacacións. Así, o informe do Parlamento Europeo sinala que os atascos poderíanse reducir nun 20%, posto que ó acudir de inmediato ó lugar exacto dun accidente evítase unha das súas consecuencias: os atascos, precisamente. Tamén se rebaixaría o número de sinistros que desencadean outros sinistros, ó ter informados puntualmente do que acontece ós condutores que se estean a achegar ó escenario do sinistro.

Ligazóns de interese

<http://www.ecall.fi/> / (e-call en Finlandia)

http://europa.eu.int/information_society/programmes/esafety/index_en.htm

<http://europa.eu.int/rapid/pressReleaseAction.do?reference=IP/05/134&format=HTML&aged=0&language=en&guiLanguage=en>

O novo carné fomenta o mercado negro de puntos na Rede

España está herdando de Italia e Francia un dubidoso agasallo. Trátase dun novo xeito de recupera-los puntos para determinados condutores ós que Tráfico sanciona, sen necesidade de acudi-los cursiños nin ós trámites de actualización do carné. Estamos a falar de algo tan simple como mercarlle a alguén os seus puntos. Malia que aínda non se pode falar de “mercado negro”, xa se fala nalgunhas web (como forocoches.com, eBay, compraventa.com) dun prezo por punto que iría dos 250 euros en diante (nós vimos en eBay cada punto oscilaba entre os 400 e os 1.000 euros), cantidade nada desprezable por asumila infracción e a perda de punto.

A trama é sinxela. As multas dos casos nos que o condutor non era identificado de xeito directo antes fan parar ós donos dos vehículos –con independencia de quen cometera a infracción–, mentres que agora, poden ser asumidas por outros condutores así acreditados ante a Xefatura. No caso de que o radar “capture” a matrícula do coche ou o axente de policía nos multe por estar mal estacionados, o delito pode ser atribuído a outras persoas. Se os membros da familia non están dispostos a asumila transgresión por un, cabe a posibilidade de acudir a un destes anuncios que, a cambio dun prezo por cada punto e o importe da multa, asume como súa a falta. Outra opción recorrida é a de achega-los datos dun coñecido estranxeiro que non resida no país como infractor. Neste caso, só debería paga-la multa correspondente ó non dispor de puntos que restarlle.

O feito é que a media europea investida pola vía legal para a recuperación dos 12 puntos é de 720 euros (10.000 das antigas pesetas por punto), sen contar coas sancións das propias multas. Ademais, estamos obrigados a acudir a cursos de sensibilización de 15 ou 30 horas –segundo os puntos que debamos recuperar–, e superar de novo os informes psicofísicos e o exame teórico (previo pagamento das taxas, por suposto). Unha morea de trámites que non todos están dispostos a asumir.

En marcha o Catálogo Visual de Estradas da Consellería de Política Territorial

O Catálogo Visual de Estradas podería ser unha boa ferramenta para que aqueles condutores que non percorreron unha estrada da rede autonómica galega poidan coñecer-lo itinerario coma se xa o tiveran visto, ademais de poder consulta-lo estado técnico actual da vía pola que van a circular. Trátase dunha aplicación informática ofrecida pola Consellería de Política Territorial na súa web (www.cptopt.xunta.es). Consta dun simulador que fai un percorrido visual dende a perspectiva do condutor ó longo do tramo viario que interesa ó internauta, e tamén é unha completa base de datos na que se recollen os detalles técnicos de cada estrada e treito: trazado, cualificación (segundo pertenza á rede primaria ou á rede secundaria), denominación oficial, número de carrís, ancho da calzada, porcentaxe da pendente que ten cada punto, até o tamaño das beirarrúas (no caso de que dispoña delas).

Tanto as imaxes das estradas como os datos xeométricos e de equipamento das estradas foron recompilados a partir de 2003 pola propia Consellería, como parte do inventario que a Administración estaba a realizar sobre a Rede Autonómica de Estradas Galegas (RAEG), e a partir deles púidose construír a ferramenta de doado manexo e accesible. A Dirección Xeral de Obras Públicas mantén en constante actualización o catálogo para que inclúa cada nova variación dos trazados e equipo das estradas. Máis en <http://www.cptopt.xunta.es/portal/cidadan/pid/183>.

F.S.

Limitadores de velocidade

Máis necesarios ca nunca para os condutores, agora que está en vigor o carné por puntos, mais iso non significa que non fosen sempre necesarios. A algúns (como ó que escribe) sempre lle pareceu unha aberración que haxa coches no mercado que poden acadar os 250 q/m, e mesmo non ten sentido, en realidade, que poidan ir alén dos 130. Sexa como sexa, é o carné por puntos o que está a disparar as vendas destes dispositivos e, tamén, a oferta de vehículos que o traen ou o van traer de serie (agárdase que en breve sexan todos). Dos primeiros, os que se mercan a parte, destacaremos (por poñer un exemplo) os limitadores AGB II e Pedal Interface II de Siemens, que amais de limitar un valor máximo pre-programado, inclúen a posibilidade de variarlo de xeito sinxelo. No mercado actual, case tódolos fabricantes incorporan estes dispositivos xa, aínda que non todos de serie. Renault xa leva anos vendendo vehículos en Francia (onde tamén chegou antes o carné por puntos) con esta tecnoloxía. No país veciño, incorporábase tódolos coches vendidos desta marca en 2005. Dos sistemas de limitación que hai dispoñibles, o control de cruceiro (*cruise control*, en inglés) é o máis espallado. A gran diferenza deste cos chamados -sen máis- "limitadores de velocidade", é que nos segundos é o propio condutor o que programa a velocidade que non quere superar: cando se chega a ese punto, o coche ponnos ó tanto. Para os coches de gama alta (Mercedes, BMW, etc) o máis común son os controis intelixentes de velocidade, que son quen de manter a distancia de seguridade (sobre 120 metros) co automóbil que levamos diante.



Limitador de velocidade de Citroën

Sistemas para controlar se o condutor se durme

Quedar a durmir nas estradas provoca, segundo a Dirección Xeral de Tráfico, o 25% dos sinistros, e causa practicamente a mesma cifra de mortos có alcol. Conducir con sono, sabémolo ben, é altamente perigoso, xa que reduce a visibilidade, entorpece os nosos movementos e fai que estimemos de xeito erróneo as distancias. Ademais das bandas rugosas que atopamos nas estradas, a tecnoloxía semella estar a poñer ó noso alcance certos desenvolvementos interesantes, como os dispositivos que se colocan nas orellas e que botan un zunido agudo cando rexistran un inclinamento da cabeza (o prezo rolda os seis euros). Amais, algúns fabricantes de automóviles como BMW ou Toyota están a traballar en tecnoloxías que avalían o pestanexo do condutor ou o xeito en que conducimos. Estes dispositivos até chegarían a parar o coche en caso de perigo.

Precisamente, unha das últimas apostas do sector da investigación técnica española vai encamiñada neste mesmo

sentido. Trátase do proxecto Copiloto Tecnolóxico (TCD ou *Tech Co Driver*) do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacia (INTA), que logo do bo resultado nas probas aplicadas nos autocares da compañía Alsa, podería comercializarse en breve tamén en coches particulares por un prezo estimado que roldará os 1.200 euros. O sistema integra nun só os anteriores dispositivos para asegura-la atención do condutor. Componse de catro sensores que recollen e controlan a traxectoria do vehículo, dun controlador do eido de visión do condutor e dun computador que analiza a resposta respecto ós estímulos visuais da estrada -como sinais de tráfico e imaxes dos retrovisores. Así, ó detectar indicios de fatiga ou erros ó volante, corrixe a traxectoria e reduce a velocidade automaticamente ó tempo que avisa -e esperta, se fora o caso- con sinais acústicos e con vibracións tanto do volante como do propio automóbil. Porén, o prezo destes desenvolvementos é elevado de máis para os petos do común dos condutores, de xeito que teremos que recorrer aos sistemas de prevención da fatiga máis convencionais: os cafés e a radio?



De noite as distancias poden percibirse de xeito erróneo (<http://www.flickr.com/photos/joamox/>)

Mans ceibes para non perder a atención

Xa falamos dos mans libres en páxinas anteriores, pero non está de máis volver tocar o tema, agora que está cen por cen demostrado que conducir require da máxima atención e que falando polo móbil (de cousas importantes e de parvadas: o resultado é o mesmo) xa se teñen esnafrado moitos. Que a industria dos mans libres e doutros dispositivos de seguridade estea a subir polas paredes de ledicia ante a entrada en vigor do novo carné (teñen perante si 24 millóns de vehículos en España, un mercado que é coma un vaso de auga no deserto) non é motivo para non tela en conta. Os sistemas de mans ceibes para o teléfono levan anos comercializándose, pero cómpre ter coidado, posto que non todos valen. Por exemplo: todo o que collamos no centro comercial e teña auricular deberá ser inmediatamente deixado no mesmo lugar no que estaba. Estes dispositivos vendéronse moito hai un ano ou dous (en 2005, 362.700 unidades), mais estes mans libres están agora a facer caída *idem* no mercado. Pola contra, hai sistemas como o *speaker phone* que opera con Bluetooth e sen fíos e que emprega, polo tanto, a radiofrecuencia.

Segundo datos de The Phone House, o Bluetooth está a ser unha ferramenta crucial para a tecnoloxía nos vehículos, sobre todo no que se refire ós dispositivos de mans ceibes. Parrot, pola súa parte, xa levaba vendidas máis de 350.000 unidades nos seis primeiros meses de 2006, as mesmas que comercializou en España en todo 2005. O *boom* desta tecnoloxía ten, iso si, unha gran vantaxe para os

NOVOS E-EQUIPAMENTOS

Damos conta, polo xenérico, de todo aquilo que a tecnoloxía pode facer polos condutores

consumidores: baixan os prezos. De feito, neste intre xa é posible conseguir moitos modelos por menos de 50 euros.



Exemplo de mans ceibes da marca Nokia

Navegadores GPS/ Detectores de radares

A comercialización de navegadores GPS subiu moitos puntos coa posta en marcha do carné por puntos, sobre todo no que se refire ás súas aplicacións na sinalización de radares (enténdase: radares fixos, porque os que detectan os móbiles son ilegais). A Dirección Xeral de Tráfico só autoriza ós condutores a que saiban o que a DXT quere que saiban, nin máis nin menos. Os navegadores GPS inclúen mapas e aplicacións multimedia (mp3, imaxes, vídeos), e dependendo precisamente do que inclúan valerán unha cousa ou outra. En xeral, oscilan entre os 200 e os 700 euros. A casa TomTom é a que máis está a facer caixa, cunha cota de mercado de máis da metade do que se vende en España. Polo momento, os fabricantes de coches unicamente ofrecen navegadores como opción (moi cara, por certo), pero estímase que non vai tardar o momento en que veñan de serie.



Navegador da casa TomTom

Sistemas multimedia para o coche (mp3, pantallas TFT, reprodutores DVD, etc.)

Se até o de agora estabamos a falar de dispositivos que nos axudan a ter

unha viaxe máis segura, cómpre que recoñezamos que neste punto que nos ocupa agora temos as nosas dúbidas. Segundo RACC Automóbil Club, os reprodutores portátiles de DVD son o accesorio do coche máis potencialmente perigoso, xa que en caso de accidente hai moitas probabilidades de que impacte na cabeza dos pasaxeiros. Tendo en conta isto, está claro que non estamos a falar de tecnoloxía a prol da seguridade, que é acó a que de verdade nos importa, alomenos nesta páxina. Sexa como sexa, o abano de posibilidades multimedia que podemos incorporar ó coche é ben amplo. Dende os reprodutores DVDs de tódalas marcas posibles até o mp3 no sistema de audio ou as pantallas TFT para que os rapaces se entreteñan nas viaxes longas. O DVD é, de feito, a gran aposta de multinacionais como Panasonic en equipamento tecnolóxico de coches, xa que permite escoitar música, ver películas e almacenar os mapas de tódalas cidades de Europa.



DVD no coche

Sistemas de acceso á Rede

A tendencia xeralizada é a que os coches sexan, cada vez máis, coches multimedia e, tamén, centros de emisión e recepción de servizos en liña. De feito, prevese que en menos dun ano a práctica totalidade dos automóviles novos inclúan dispositivos de acceso sen fíos á Rede. Así, Microsoft xa ten acordos con Blaupunkt para que esta casa empregue unha plataforma Windows (a CE Automotive) que pon a disposición do condutor conexión en liña, ferramentas de navegación e contidos de lecer. Volkswagen e HP acordaron, pola súa parte, habilitar un microcomputador nun modelo de Golf que xa fala por si só a través do nome: o e-Generation. Este é, de feito, o primeiro automóbil da multinacional alemá con acceso a Internet. Cómpre dicir que os sistemas de conexión serán, principalmente, a telefonía UMTS e a propia radio dixital.

GADGETS E DISPOSITIVOS VARIOS ATOPADOS NO CAMIÑO

Proxectos ou realidades, ó longo dos últimos meses atopamos todo tipo de aparellos e servizos destinados a minimizar o risco na conducción e, tamén, na non conducción.... Toca facer repaso

F.S.

Detector SVRS: última tecnoloxía antifurtos para coches

Tendo en conta que cada tres minutos róubase un coche e que unha terceira parte deles nunca é recuperado, non semella unha mala nova que apareza un sistema de rastrexo do vehículo coma o Detector SVRS. Esta ferramenta (distribuída e mantida por Detector de Seguimento e Transmisión en colaboración co Ministerio de Industria) conta cunha tecnoloxía dual baseada na telefonía móbil GSM e na radiofrecuencia, co que se habilita ó vehículo con até vinte pequenos dispositivos electrónicos ocultos á vista. Deste xeito, cando un automóbil é subtraído o propietario debe dar parte en primeiro lugar as Forzas e Corpos de Seguridade e, en segunda instancia, ó centro de atención da distribuidora do Detector. Unha vez notificado o furto, actívase o sistema e os dispositivos instalados no coche mandan un sinal silandeiro codificado que determina a zona xeográfica na que se acha con exactitude. O rastrexo é enviado logo ás bases da Policía e a Garda Civil, que adoitan a empregar unha media de tempo dunhas catro horas en dar co vehículo grazas ó sistema. Di a empresa Detector que ó non ser un dispositivo antirrobo nin un GPS convencional, a tecnoloxía é ilocalizable até para os ladróns máis experimentados (os fabricantes semella que evitaron

presentar calquera sinal distintivo externo que puidera poñer alerta ós ladróns). Os resultados son estes: recupéranse máis dun noventa por cento dos vehículos que contaban con esta ferramenta. De feito, sinalan os fabricantes, co radiofrecuencia dixital localízanse coches até en garaxes subterráneos ou colectores. A cobertura abrangue o territorio español e a patente de LoJack está a funcionar nuns trinta e dous países máis cos que o sistema podería conectarse.

Máis en www.grupodetector.com.



Detector svrs

LG desenvolve un móbil que fai controis de alcoholemia

Chegaron á súa fin os controis de alcoholemia caseiros e tradicionais, como por exemplo aquel no que nos sometíamos a poñer o dedo do nariz mentres erguíamos no aire a perna dereita. Agora, como sempre, a tecnoloxía acode en axuda da nosa integridade (máis de un ten caído sobre os vasos poñendo en práctica o anterior *testado*). Vémolo na web de Informativos Telecinco: un novo modelo de móbil que detecta se bebiches de máis. Hai que sinalar que neste intre non

é posible a súa adquisición en España, pero nos Estados Unidos xa están a ser comercializados da man da empresa surcoreana LG, que incorpora estes dispositivos no seu modelo LP4100. Sexa como sexa, o alcoholímetro tecnolóxico _que non semella ser moi preciso, polo que se di del_ tamén poderá ser habilitado por medio de adaptadores a outros modelos de terminal. O LP4100 parece sinxelo abondo de empregar. Inclúe un furado polo que soprar e unha serie de recursos sonoros para poñernos sobre aviso se nos pasamos da raia. Ademais, se de verdade cruzamos a liña, na pantalla do terminal poderemos ver a animación dun automóbil esnafrándose. A idea non está mal, pero non hai que ser moi inxenuo para decatarse de que, en determinados ambientes, é posible que haxa competicións por activar a alarma en menos tempo. Será este móbil un principio de solución ou, pola contra, un agravante do problema? Podémolo ver en: <http://www.mobilemag.com/content/100/340/C4915/>.



lg alcohol

Google permite consultar dende o móbil o estado de tráfico nas principais cidades estadounidenses

Google incorporou o seu servizo Google Maps for Mobile a posibilidade de consultar o estado do tráfico de máis de 30 grandes cidades norteamericanas, de xeito que cando un usuario desexe coñecer o camiño a seguir para chegar a un destino concreto poderá saber se hai algún atasco ou obra que lle permitan cambiar o seu percorrido para chegar o antes posible. Nos mapas urbanos de Google se pode ver o estado do tráfico marcado por 3 cores diferentes: vermello para conxestión, amarelo para circulación lenta e verde para circulación tranquila. Agardemos que no futuro este tipo de melloras tamén estea dispoñibles en Europa. Máis en <http://www.google.com/gmm/index.html>.

Windows Live Local incorpora información en tempo real sobre o tráfico

Microsoft está a tomar moi en serio os servizos de información local para competir con Google e outros servizos semellantes, polo que o Windows Live Local vén de integrar (nos Estados Unidos) información do tráfico en tempo real, así coma características de intercambio de datos. O servizo tamén se espallará a Gran Bretaña e Canadá nos vindeiros meses, agardando chegar a novos mercados no futuro, pero queda constancia de que esta nova funcionalidade resultará de suma importancia para planificación de rutas, xa que se poden ver os fluxos de tráfico nas estradas, así como detectar incidentes, de xeito que se poden trazar os camiños máis rápidos para chegar ós nosos destinos nas viaxes (ou incluso para planificar a volta do traballo a casa).

Aparte desta funcionalidade revolucionaria, tamén incrementanse as posibilidades de integración do servizo de información local con outros ámbitos, o que permite marcar localizacións dende blogs ou compartir a información a través do Messenger. Deste xeito vemos como a guerra dos buscadores xa non se da só nos servizos de busca de Internet, senón cada día afectan a máis ámbitos.

Máis en <http://local.live.com/>.

Unha empresa galega desenvolveu un sistema para controlar o tráfico a través da rede de alumado público

A máis xente nas cidades, máis coches. A máis coches, máis necesario é un sistema de xestión e control de tráfico, non só nos núcleos urbanos grandes (que son as que poden afrontar o gasto) senón nos de menor tamaño. Pero o custo en infraestrutura é ás veces demasiado grande. É aí onde entra en xogo a iniciativa da empresa Coruñesa de Aforro Enerxético, que desenvolveu xa hai uns meses unha solución que permite aproveitar a rede de alumado público para transmitir datos sobre o estado do tráfico. A vantaxe de facer uso do que xa existe é dobre: afórrase enerxía e evítanse investimentos.

O proxecto permitiría reduci-los custos até nunha décima parte e os concellos pequenos ou medianos poderían tirar proveito da instalación deste sistema, que traería consigo a maiores unha serie de vantaxes medioambientais: diminución do uso de combustible e das emisións dos vehículos á atmosfera, debido á redución da conxestión do tráfico (xa que permite un control do mesmo en tempo real). Até o de agora, a maior parte dos semáforos eran instalacións fixas que estaban programadas de antemán e que non permitían variacións en función de condicións particulares, agás aqueles grupos de semáforos que foran centralizados a través de accións específicas cun alto custo.

A firma chinesa Shining presenta un espello retrovisor multimedia

Unha empresa chinesa desas das que apenas escoitamos falar e de nome Shining vén de poñer no mercado unha interesante carta de presentación a xeito de espello retrovisor tecnolóxico para os vehículos, non sabemos se útil pero si rechamante. Este "espello-navalla suíza" ó que só se lle falta dicir "que guapo/guapa estás hoxe", ten nome de robot maléfico (chámase VM-5602) e, entre outras cousas, serve para moito máis que para amosar se o policía que viches máis atrás decatouse de que tiñas fundida unha luz traseira: ten reprodutor de audio que le tarxetas SD, MMC e datos vía USB e inclúe radio FM e reprodutor de audio que se conecta ó iPod ou ben a outro reprodutor mp3. Ademais, tamén opera como controlador de teléfono móbil a través de tecnoloxía Bluetooth. Segundo vemos en Gizmodo, incorpora o panel de mandos na parte inferior do cristal, o que inevitablemente bota dúbidas sobre o que pode contribuir ou non á seguridade no vehículo (dende logo, non se pode recomendar este aparello a todos aqueles que apalpan os computadores de arriba a abaixo na procura do botón de aceso). Este

desenvolvemento da empresa Shining conéctase ó chisqueiro do coche. Visto en www.gizmodo.es.



espello shining

Sony proxecta incrementar a seguridade dos automóviles a través da "linguaxe" dos faros

A comunicación a través dos faros dos coches entre os condutores era algo que xa existía, ás veces asociado ós pillabáns que advirten da presenza da Garda Civil de Tráfico e ás veces simplemente como sinal de recoñecemento, saúdo, chamada de atención, advertencia de perigo ou pura e sinxela tocada de narices. Hai todo un código de sinais (herdado se cadra de cando andabamos facendo reflexos coa luz do sol en distancias longas), e é precisamente no aproveitamento desa linguaxe no que se apoia un dos últimos proxectos de Sony dos que temos coñecemento: un proxecto que aínda non ten nome e consiste en tirarlle partido ós diodos emisores de luz de alta potencia (LED) que lanzan sinais binarios de alta velocidade que outros vehículos con receptores poden descodificar. Sony sostén que o principal cometido desta iniciativa, que aínda non é tan segura unha realidade, é incrementar a seguridade nas estradas, evitar accidentes e, tamén, que os semáforos e outros sinais advirtan ó condutor do intre no que van cambiar de cor. Vímolos en www.newscienfist.com e en www.gizmodo.es.



faros sony

Reciclaxe de pneumáticos para facer asfalto máis seguro e duradeiro

A tecnoloxía pode complicarnos a vida facéndonos crer que precisamos máis *gadgets* dos que temos, pero tamén pode contribuír á preservación do medio ambiente, ou polo menos tentalo. E, se ademais mellora a seguridade nas estradas, mellor que mellor. Se a tecnoloxía que está a poñer en marcha Repsol YPF na pavimentación da rede viaria é algo que aínda está por comprobar, pero se cadra non vai mal encamiñada. Vémoslo en www.invertia.com (información achegada por Europa Press) e tamén na páxina da Asociación de Periodistas de Información Económica (www.apie.es), unha web na que semella que non fan nada por poñer un pouco de distancia e espírito crítico entre a fonte e o xornalista, a xulgar por como comezan as informacións: "Repsol, na súa continua preocupación por respectar o medio ambiente...". Sexa como sexa, é a de Repsol unha proposta cando menos interesante, polo que ten de aproveitamento de cousas xa feitas: os pneumáticos. Polo tanto, a tecnoloxía consiste en reciclalos para producir

o asfalto das estradas, producindo un betume en po "que mellora a adherencia dos vehículos, minimiza o ruído e ten máis duración có firme convencional", segundo sinala Repsol. Ademais, axuda a darlle unha saída ó problema ambiental das 300.000 toneladas de pneumáticos que se tiran en España nun ano. Por certo que esta tecnoloxía xa está a ser empregada en Madrid e en estradas de Andalucía, Castela e León, e Euskadi.

Nova versión do sistema operativo de Microsoft... para coches

Xa o vimos hai un tempo. Microsoft ten xa a versión 5 do Windows Automotive, que é o Windows CE adaptado a dispositivos portátiles presentes nos coches. A nova proposta, segundo Microsoft, mellora o entorno gráfico, as conexións Bluetooth, Wi-Fi e USB e o soporte XML, aínda que en palabras da propia multinacional, o principal esforzo estivo na estabilidade e robustez do sistema, que actualmente xa preinstalan nos seus coches de alta gama compañías coma BMW, Citroën, Chrysler, Fiat, Subaru, Honda, Hyundai, Toyota, Mitsubishi ou Volvo. O sistema permite que os dispositivos no coche respondan a ordes verbais e pretende revolucionar o xeito de integrar dispositivos nos coches, tanto a nivel multimedia (reproducindo música ou vídeos) como de comunicación. Máis en www.microsoft.com/windows/embedded/windowsautomotive/

Sensor sen fíos para toupas



semaforo para toupas

As distancias nos *parkings* son, en ocasións, difíciles de medir. Columnas que se nos veñen enriba (todo o mundo sabe que son móbiles), coches que semellan quedos e logo se arriman (traizoeiros eles), viandantes que saen de vaia saber vostede de onde, paredes que aparecen da nada. A listaxe de perigos é tan longa como podamos imaxinar, mais, de novo, a tecnoloxía vén na nosa axuda, co fin de axudarnos a combater as forzas do mal que están á espreita nos *parkings* das nosas cidades, onde botan a perder tódolos cálculos exactos que fagamos previamente (porque a culpa non é nosa nunca). Vímolos os días pasados en www.xataca.com: trátase do Wireless Parking Sensor 16770, un sistema de sensores sen fíos que axuda a evita-los golpes. Consiste, basicamente, nun semáforo que avisa antes da colisión ("verde=segue", "vermello=mellor sería que foses parando, creo eu"), incluíndo un aparello que calcula a distancia entre o coche e as ditas columnas maléficas. O dispositivo pendúrase da parade de garaxe, onde se poida ver ben. Fica en suspenso, para aforrar enerxía, mentres

non nos detecta polo dito espazo, rañando as portas do noso coche contra as dos demais.

Máis información en www.xataca.com.

NightDriver: Un terceiro ollo para ver de noite

Por moito que presuman certos condutores sen capacidade autocrítica, o ser humano non está feito, definitivamente, para ver ben de noite. Polo tanto, todo o que nos axude a mellorar este déficit e, ó mesmo tempo, non nos arruíne, será benvido. Non sabemos se logo de mercar o NightDriver teremos que estar durante un ano alimentándonos de pan e auga, mais é probable que, se o poñemos (cando estea dispoñible, claro), nos saque dalgunha enleada. Trátase dun sistema de visión nocturna que ten a súa orixe no eido militar e que, polo momento, só se está a comercializar nos Estados Unidos, e só en determinadas marcas (temos constancia da firma Hammer). Consiste nun aparello que mide as emisións de calor e xera unha imaxe electrónica nun curruncho do parabris do condutor en tempo real. A imaxe, como nas películas antigas, vén en branco e negro, mais permite completar as pezas do crebacabezas nocturno que poidamos ter diante, e todo iso (din os fabricantes) sen interferir na concentración do condutor. De feito, din que cando nos afacemos á súa presenza interfere tanto na nosa visión como un espello retrovisor calquera. Na páxina web do produto non se especifica nada sobre o seu uso entre miróns nocturnos, aínda que non se lle poden descartar certas posibilidades. Máis datos en http://www.nightdriver.com/how_it_works.html.



Night driver

TruScene, o detective que o grava todo dende o vehículo

Isto é algo así como levar de xeito continuo a un detective no noso coche, gravándoo todo, coa diferenza de que non leva gabardina, lentes escuras nin barba de catro días. Trátase dun aparello que ten nome de *reality show* policial, TruScene, e que consiste nunca cámara que se habilita no vehículo e que grava e grava de maneira permanente, coma se tivese un *sinfin*, permitíndonos acceder ós trinta segundos últimos da "vida" do coche e os ocupantes ou, en caso de accidente, a unha memoria onde se gardan imaxes tomadas durante o sinistro en cuestión. O caso é que o aparello pode ser útil en caso de que haxa dúbidas sobre quen ten a responsabilidade nun choque. Tamén o vemos moi rendible para cazar coas mans na masa ós condutores que aparcan ó toque, empregando as colisións co noso vehículo como indicativo de espazo. Na información que atopamos sobre este aparello non se especifica nada de como fai para detectar un accidente. Terá sensores como os das alarmas? Detectará os nosos insultos e xuramentos? Máis en www.truscene.com.



truscene

Ventilador solar para non andar co peito ó aire

Acabouse a clásica escena de home descamisado e conducindo? Tomen nota aqueles que prefiren despeitar a tódolos ocupantes do vehículo antes de levar as xanelas do mesmo pechadas, e con tódolos perigos de perda de estabilidade e de maior consumo de combustible que iso conleva: o dispositivo TO-230 da casa Susita (estraño nome para unha empresa tecnolóxica) tennos frescos a través dun ventilador solar. O seu tamaño é miúdo: pesa de 1-1/2 libras (non nos pidades que as pasemos a gramos porque nos leva moito tempo) e vai situado xusto enriba da xanela do coche e coas placas solares (atención os despistados) sempre orientadas cara a fóra. Estes paneis, que miden 5 por 4,5 polgadas, accionan o ventilador, que substitúe o aire quente do interior do coche polo fresco que vén do exterior. Na web deste aparello sinálase que o dispositivo pode reducir a temperatura do coche até en 25 graos, mais nós dubidamos que haxa alguén en Galiza disposto a iso... a non ser que, tendo en conta que os datos do TO-230 foron collidos en páxinas en inglés se refiran os seus deseñadores á medición térmica en graos Fahrenheit. Entón cambia a cousa. O seu prezo varía segundo as webs que se visiten. Tanto é así que en AmeriMark está a 14,99 dólares e en Dads & Grads a 49,95 dólares.

Máis información en www.news.com.com e na web www.susita.com.

O navegador do AudiQ7, completeño

Que a tecnoloxía é cousa de ricos é unha verdade a medias, mais ás veces semella unha verdade enteira. Dito doutro xeito: os que temos unha furgoneta vella das Volkswagen de toda a vida (coma o que escribe) teremos que seguir expostos a rabuñadas e colisións e a que nos dean unha patada na chapa se cometemos o "erro" de deixa-lo vehículo na praza pública sobre a que un veciño cre ter certos dereitos, de tanto deixalo el tamén aí. Isto último pasaría igual cunha Volkswagen T3 ou cun Audi Q7 na versión 2007, todo hai que dicilo, pero co segundo dos modelos non cabe dúbida de que se reducirían as probabilidades de rabuñadas, colisións e desgustos. O vehículo inclúe unha pantalla LCD para panel de mandos do vehículo que che informa de todo o imaxinable, xa que conta navegador GPS, sistemas para integrar o móbil vía Bluetooth e unha ferramenta para aparcar que emprega unha cámara na parte traseira do coche e guías para facer o xiro correcto achegadas dende o software do navegador c. Conclusión: se algunha vez vemos ó condutor do novo modelo de Audi Q7 empregando media hora para aparcar nun espazo amplo (veña para atrás e para diante, unha vez tras outra), entón será mellor que fuxamos e que nunca, baixo ningún concepto, deixemos o noso automóbil preto del. Máis información en www.audi.com/q7.

Na procura do singi perfecto

Os moitos e variados servizos en liña para atopar parella, suman, multiplican e seguen (con 150 mil galegos dados de alta)

PATRICIA CALVEIRO

Se na Rede procuramos restaurantes, hoteis, viaxes, amigos... Por que non procurar tamén nela parella? Máis de mil páxinas dedicadas ó dating circulan pola Internet ofrecendo menús para tódolos gustos. Hainos para católicos, ateos, góticos, homosexuais, heterosexuais, vexetarianos, obesos, diabéticos... para todo roto hai un descosido.

O proceso é básico. Abonda con cumprimentar uns datos sobre un mesmo –como nome, sexo, idade, localidade, profesión, características físicas e afeccións– para elaboralo “perfil” que se amosará dun. Funciona coma un mercado. Nas páxinas circulan centos de fotografías asociadas co perfil de cada quen agardando as “ofertas” dos interesados. Trátase de vender as calidades persoais, tanto físicas como de intelecto. Cantos máis detalles se acheguen sobre un mesmo, máis datos terán os posibles interesados para se decidiren. Até se están a introducir dentro dos servizos test psicolóxicos que analizan a personalidade dos membros para así facer emparellamentos segundo as súas afinidades.

A confidencialidade dentro dos portais de contacto é prioritaria, polo que a identidade dos usuarios atópase (mentres non se demostre o contrario), ben salvagardada. A timidez xa non é un impedimento para relacionarse co outro sexo, xa que a computadora media nas relacións e evítanse os nervios de dá-la cara. Isto ten os seus *pros* e os seus *contras*. Posuímo-la información básica das persoas sen ter que pasar polos trámites e presentacións dos primeiros achegamentos, de modo que antes de dá-lo primeiro paso temos pescudas para poder intuír-lo que nos imos topar. Por outra banda, sabemos que as persoas alí inscritas son, polo menos, receptivas a establecer contacto, e están dalgún xeito dispoñibles. Todo é lanzarse e animarse a contactar.

Porén, non todo é escoller, tamén hai que pasar polo mal trago de anunciarse a un mesmo e expoñerse ó xuízo público –para o cal, hai que recoñecelo, fai falla certa valentía–. Os máis afortunados neste senso son os homes, que representan entre o 60 e o 70 por cento dos afiliados a estas páxinas. De tódolos xeitos, ninguén nos asegura que seremos correspondidos, xa que emparellarse segue a ser cousa de dous, aínda que é probable que manque menos non experimentar a indiferenza e a vergoña de ser rexeitados en público.

A Rede fai de axencia de contactos para o 67 por cento da poboación española de *singis* –categoría que reúne a todos aqueles que non teñen unha relación estable, sexan solteiros, viúvos, separados ou promiscuos–, entre os que se atopan 150 mil galegos (segundo informou recentemente El Correo

Gallego nun informe). Estamos a falar de aproximadamente 5 millóns de españois rexistrados en páxinas de contactos persoais, sendo un dos países europeos –xunto co Reino Unido e Francia– onde máis triunfou a implantación destas páxinas, contra as reaccións iniciais de certos redeiros, que desconfiaban do éxito que tería unha vía de relación impersoal nun país onde a sociabilidade é norma de convivencia. Dende que o servizo foi implantado hai uns dez anos nos Estados Unidos, estase a espallar por todo o mundo, chegando a mover en territorio nacional uns 15 millóns de euros anuais segundo calculou Juno Research.

Quen

Nos portais de *dating* hai unha maioría masculina, que se di máis alta do que é e anda a procura de relacións breves e intensas, sobre todo con rubias con bo físico, reclamos que priman por riba dos estudos das mulleres en cuestión ou dos seus ingresos –que deberían ser máis baixos cós do home. Por moi machista que semelle, así se recolle nunha das webs de contactos (amorosamente.com), onde se fai referencia a unha investigación norteamericana publicada ao respecto. Pola outra banda, as mulleres buscan relacións máis estables, menten acerca delas pero non lle dan tanta importancia ó físico dos seus interlocutores, e poden quedar na vida real con eles sen telos visto previamente aínda que fose por foto. Os membros rexistrados abranguen tódalas idades, mais a media de idade está entre os 25 e os 45 anos. Non tódolos que se din *singis* son en verdade ceibes, xa que o 46 por cento dos enquisados (e enquisadas) por Marquize.net recoñeceron aproveita-lo anonimato co que os ampara a Rede para serlles infieis as parellas.

Por que

Hai tantas razóns para apuntarse como persoas. Pode ser simplemente por ampliar-lo círculo de amizades, para poñer a proba o carisma ou aceptación social propia,

polo “morbo”, ou simplemente para atopar parella. No último caso é un investimento –como podería ser un *master*–, xa que o emparellamento está considerado nestes tempos un proxecto de realización persoal comparable ao traballo, ou así o detectou un informe recentemente realizado polo instituto británico The Future Laboratory recollido en El Correo Gallego.

Onde

Os dous portais máis importantes no campo son Match.com (“portal nº1 para atopar parella”) e Meetic.com (“All you need is love”, tal como dicía a canción dos Beatles, algo así como “todo o que precisas é amor” traducido). O primeiro ten o aval das 400 mil persoas que atopan cada ano a parella que andaban a procurar grazas a este servizo, e o segundo dos máis de 17 millóns de internautas que o levan probado. Entre ámbolos dous reúnen a 140 mil galegos dos 150 mil que fan emprego destes portais, máis do 93%. O rexistro é de balde, aínda que os servizos neles son de pago, un prezo que rolda os 30 euros ao mes. Outros portais máis pequenos, aínda que de balde son: *Gentemsn.com* –para aqueles amantes das conversas de mensaxeiría instantánea a través do Messenger–; *Amigos.com*, *Amorosamente.com*, *Dejatequerer.com* e *Granamor.com* son outras opcións que prometen o romance, e, para os máis ardentes *Pasion.com*.

Galego lover

Carlos é un estudante vigués de 19 anos que decidiu facerse membro de *Gentemsn.com*. “*Amante da festa, das noites, do alcohol e das nenas guapas*” está a triunfar na páxina de *dating* que apadriña o servidor de mensaxeiría instantánea. Un albume completiño con até corenta fotos e unha descrición persoal abóndalle para encabeza-lo *ranking* co título de “chico MSN”, grazas ós máis de 150 votos que recibe cada día.

www.flickr.com/photos/tica_wika/



O amor na Internet chega á televisión

Os programas de televisión nos que se axudaba na busca de parella semellan unha cousa do pasado, pero a canle Cuatro decidiu retomar o xénero cunha innovación: incorpora a Internet. Así, dende hai unhas semanas Aitor Trigos presenta de luns a venres ás 18:25 o programa *Amor en la Red*, que conserva o formato televisivo coñecido incorporando táboas de compatibilidade elaboradas polo portal de citas Match.com. Curiosamente, nas pasadas semanas anunciábase que o programa contaría co patrocinio de Meetic, o que dá a entender que o negocio das busca de parella a través da Rede ten dura competencia e pretende apoiarse na televisión para consolidarse como unha realidade afastada das vellas axencias matrimoniais. Aparte da proba de busca de parella, o programa tamén elabora unha pequena experiencia de *speed dating* (ou cita rápida) de xeito que organizan parellas baseándose nunha rolda de preguntas de xeito que en vez de sustentarse nunhas probas de compatibilidade aproveitan a primeira impresión para xuntar ós participantes. En vista da súa vocación internauta, os televidentes que desexen participar no programa terán que solicitalo a través da páxina web de Cuatro. Máis, polo tanto, en www.cuatro.com.

En Código, co fin de coñecer un pouco mellor as motivacións desta bitacoreira (e tamén dos seus seguidores), fixémoslle chegar un breve cuestionario. Tres ou catro días máis tarde recibimos as respostas, que reproducimos aquí sen traducir ó galego e no seu estado natural, xa que consideramos que non viña a conto alterar a linguaxe desta muller por ser aí, probablemente, onde radica parte do seu éxito. As respostas, dende logo, non desvelan as dúbidas que os lectores poidan ter sobre quen se atopa detrás desta bitácara. O misterio, a fin de contas, debe ser outro dos piares sobre os que se apoia a aceptación popular. *Miss Inteligente* é, hoxe en día, un enigma que lle tira proveito a un universo, o dos blogs, onde semella que a imaxinación dos lectores traballa con estimulantes. Será real? Será un home facéndose pasar por muller? Será unha muller finxindo que é un home que se fai pasar por muller?

-É vostede real?

-Soy real de carne y quesos.

-A que creo que se debe o éxito da súa bitácara?

-Bueno a que es un blog muy bonito y a que cuento las cosas que a la gente le interesan porque la vida de las misses es muy interesante y con mucho glamur y todos quieren ver como es la vida que ellos habrían querido tener que es la mia.

-Cre que é posible atopar a través dun caderno persoal en Internet ó amor da nosa vida?

-Bueno pues yo no diría ni que si ni que no pero eso me lo pregunta porque usted se ha enamorado de mi?

-Podería namorarse dunha persoa que escribise ben?

-Eso no es importante porque por ejemplo los medicos escriben todos muy mal y yo sin en cambio si que me podria enamorar de un medico si fuera guapo y me cuidara mucho la salud tambien.

-Vemos polos comentarios e as visitas do seu blog que ten unha grandísima cantidade de admiradores por todo mundo, é consciente de que cada noite cando se deita hai moitas persoas que pensan e soñan con vostede? Que lle parece isto?

-Me parece muy bien que sueñen conmigo y incluso no me molesta que tengan sueños eróticos conmigo porque eso es normal si una es guapa como yo.

-Tendo en conta a cantidade de seguidores que ten o seu blog, que cre que pasaría se da noite á mañá deixara de escribir nel? Pensou algunha vez nisto?

-Pues supongo que seria un dia muy triste como por ejemplo cuando se murio Rocio Jurado o cuando los hijos de Angel Cristo salieron en la tele diciendo que su padre era muy malo.

-Considérase vostede a mellor proba de que ser modelo non é incompatible con ter a cabeza ben amoblada?

-Si claro.

-Como se mide a intelixencia? E a beleza?

-La inteligencia no lo se alomejor por las carreras o por el éxito como el que yo tengo y la belleza pues a veces se mide en los concursos

aunque en los concursos tambien pueden haber injusticias.

-Di vostede no seu caderno persoal que vai publicar un libro no mes de novembro, é este libro froito da súas experiencias no blog? De que trata, senón é unha indiscreción preguntalo?

-Si, en el libro se cuentan las cosas del blog y las preguntas que la gente se hace sobre mi y tambien desbello algunos secretillos mas que son todos muy interesantes.

-Coa man no corazón, gaña cartos co seu blog?

-Pues yo con el mio no gano ni un duro y no lo digo con la mano en el corazon sino con la mano en el bolsillo.

-Que tipo de páxinas adoita vostede a visitar, a parte da de Rafa Nadal?

-Miro otros blogs y tambien alguna pajina de moda y de noticias y tambien las de internet donde se puede una bajar cosas como por ejemplo canciones gratis.

-Cando poderemos descargar do seu caderno web unha canción cantada por vostede?

-Pues alomejor dentro de poco pero todavía tengo que ensayar mas porque el mundo de la musica es muy difícil y hay que trabajar mucho y yo todavía no soy una gran esperta.

-Onde a queren máis, en España ou en Arxentina? No seu blog ou ó natural?

-Me quieren en los dos sitios por igual osea mucho aunque tambien algunos me tienen rabia y me ponen insultos y me quieren mucho al natural tambien sobre todo mi familia porque novio ahora no tengo para quererme.

"Soy real de carne y quesos"

Entrevistamos á responsable dun dos fenómenos bitacoreiros da tempada, a Miss Inteligente (soyunamiss.blogspot.com)



Diario de una Miss Inteligente... non nos trabucamos nin temos estragado o corrector do Word, non. É o nome dun blog español que está a causar furor na Arxentina... e en España.. A súa autora faise chamar "la más guapa" e defínese como "una chica muy simpatica y tambien muy guapa", deste xeito, sen acentos e sen nada. Esta moza sen avoa, que emprega palabros como "trópico" (por tópic), "reflesion", "aguasfiestas" ou "sin encambio", está a colleitar un gran éxito de audiencia e até figurou no cuarto posto na listaxe dos Premios 20 Blogs, organizados polo diario 20Minutos para escoller os mellores cadernos persoais de 2005. Sexa como sexa, e malia o éxito obtido, confesa que o blog aínda non lle achegou un peso. Mentres tanto, segue adiante, sen conceder máis importancia da debida ós insultos, permitíndonos a homes e mulleres ver a través dos seus ollos e vivir por uns breves intres unha vida de misses con coroa de diamantes. Unha vida, a súa, "muy interesante y con mucho glamur".

O presidente de Irán estrea blog

www.ahmadinejad.ir

Mahmud Ahmadinejad, presidente de Irán, inaugurou o seu propio blog e fíxoos cunha nota autobiográfica. O caderno estivo a recibir tanta atención internacional que chegou a saturar a web durante os días posteriores á súa posta en marcha (a mediados de agosto). Dende a nova bitácara, o presidente irano (elixido o pasado verán), Ahmadinejad, dá detalles sobre a súa implicación na revolución islámica de 1979 e aproveita o seu novo espazo para criticar "a arrogancia global" dos Estados Unidos. Tamén se compromete a continuar publicando mensaxes no seu blog, aínda que de xeito máis breve (xa que comezar cunha autobiografía parece excesivo para este tipo de medio tan dinámico). A aposta do presidente irano pola Internet queda así clara, xa que o seu Goberno xa conta con distintas webs, entre as que hai unha dedicada só a informar de novas relativas á figura de Mahmud Ahmadinejad



Microsoft lanza un programa para escribir en bitácara de xeito doado

<http://windowslivewriter.spaces.live.com/blog/>

Está anunciado que a vindeira versión do MS Office inclúa un sistema de publicación para blogs de xeito que se poida escribir na nosa bitácara de Internet directamente dende o procesador de textos, pero dende Microsoft quixeron dar un adianto (e preferiron xogar en casa con gasosa) mediante o lanzamento dunha versión de proba do Windows Live Writer, que é unha aplicación que permite preparar os textos para a súa publicación no noso blog. O sistema ten unha interface WYSIWYG, ou sexa, que podemos ver como vai quedar na bitácara o que escribimos, facilita a publicación de fotografías (de xeito que permite manipular o seu tamaño e mesmo subilas ó servidor empregado polo noso blog) e incorpora a publicación de mapas (valéndose do servizo Windows Live Local, o que é útil para marcar lugares de encontro ou para situar acontecementos).

O ruxerruxe xa conta cun videoblog en español e inglés

<http://fresa.tv/>

Un dos responsables do proxecto EyeOS anunciou dende o seu blog o lanzamento de Fresa.tv, que é un videoblog ó máis puro estilo da prensa rosa que consiste nunha rapaza facendo comentarios sobre chismes do mundo do espectáculo español no que se fala de asuntos tan relevantes coma o cambio de peiteado de Victoria Beckham. O novo vlog está realizado dun xeito *amateur*, cunhas gravacións de vídeo claramente mellorables, aínda que de ter éxito non sería de sorprender que melloraran os medios de produción e incluísen no vídeo algo máis que unha cabeza falante. Polo momento, é salientable por contar con dúas presentadoras, Ariana e Iris, que fan os seus comentarios en español e inglés respectivamente. Poderíamos estar así nun primeiro produto nesta liña en España, onde o fenómeno dos vlogs aínda non conta con grandes éxitos que poidan considerarse análogos a Rocketboom ou Dignation.

Falar é barato

Alternativas para dar renda solta á voz a través de Internet e con calquera parte do mundo

Tódolos internautas galegos tiveron que pasar algunha vez polo mal trago informativo de ter que explicar para que serve a Rede. Avós, pais, curmáns e amigos, pasan máis cedo ou máis tarde polas nosas costas mentres estamos conectados e crúzanse de brazos, coma se estivesen a albiscar horizontes que ninguén ve máis ca eles. E nós armámonos de paciencia (todo sexa por unha boa causa) e lles dicimos: Internet serve para isto e para aquela cousa. Mais agora, se cadra, xa é hora de reconstruí-la resposta. Dixémoslles que valía para estar conectados e para recibir e achegar información, mais non lles dixemos que tamén era útil para falar barato ou gratis con calquera parte do mundo, sempre que esta "parte" estea tamén conectada á Rede.



<http://www.flickr.com/photos/bjornb/>

REDACCIÓN

Opcións para darlle renda solta á voz (formalmente chamada Voz IP) hai moitas, pero se cadra é o Skype o de máis sona mundial, con ese nome que ten que semella adherirse ó subconsciente, coma "Google" ou "Yahoo!". Mais agora tamén temos o Gizmo (outro nome que tal baila) que promete chamadas de baixo custo a teléfonos fixos de máis de sesenta países do mundo. E é software libre!

Chamadas pola Rede: o futuro da telefonía?

A telefonía IP non é, obviamente, o mellor que lle pasou ás operadoras tradicionais. É moi posible que coa chegada destes servizos máis baratos que permiten chamar arredor de todo o mundo e coa mellora da calidade de Internet (que redundará nun mellor servizo de Skype e compañía), teñan que dar un cambio de rumbo ó seu modelo de negocio. Hai quen di xa que o futuro da telefonía está aí, agora que hai até dispositivos móbiles que funcionan con Voz IP, e quen non é quen de velo é que está cego.

Neste intre, non hai máis que ir polo *ciber* dunha cidade galega onde haxa viaxeiros ou emigrantes e ve-la cantidade de xente que alí se reúne para facer chamadas pola Rede. Sexa como sexa e volvendo ó tema do principio deste parágrafo, cómpre lembrar que o que é un problema para unhas empresas, é un veta de ouro para outras. E de aí precisamente, desa boa oportunidade de negocio, é de onde xurdiu Skype e de onde nace agora Gizmo.

Gizmo, a alternativa libre www.gizmo-project.com/intl/es/

Detrás do servizo Gizmo está Michael Robertson, un empresario moi coñecido no eido do software libre que, malia tódalas críticas que se lle poden facer, leva anos tratando de amosar que non hai por que ser un especulador para ter éxito nos negocios. No seu currículo atopamos o desenvolvemento de MP3 Tunes, tenda de música na Rede que comercializa cancións sen DRM (*Digital Rights Management*), un termo que aglutina tódalas tecnoloxías que contribúen a restrinxir o uso dun sistema ou dispositivo dixital en base ós dereitos de autor (copyright). Este espírito de "libre uso" tamén semella estar presente noutra creación da mesma fábrica: Gizmo.

Así, estaríamos a falar dun produto de telefonía IP baseado en estándares abertos que posibilitaría a interconectividade entre diferentes provedores de Voz IP, algo abondo sinxelo e obvio que, polas razóns que sexan, non se estaba a dar até o agora, se cadra porque se trata dun negocio en desenvolvemento. Gizmo é operativo con Windows e con Mac e, en breve, agárdase que tamén con Linux. Ademais, permite facer chamadas a teléfonos tradicionais de pago con Paypal. Tamén pode empregarse en teléfonos Wi Fi SIP. Por suposto, as chamadas entre computadores son de balde.

Jajah: substituto de Skype? www.jajah.com

En Masternewmedia.org cualificano de "*matador de Skype*". Tamén fan fincapé no sinxelo que é a súa instalación e uso e no perfeccionamento das súas funcións, "*que son máis doadas e mellores cás de Skype*". Outro punto forte: non hai que pagar nada para facer chamadas telefónicas en liña. Ademais, para captar novos "socios" e potenciar tódalas súas ferramentas adoitan a ofrecer ós usuarios acabados de chegar até cinco minutos de comunicacións de balde (*preago*). Non require moito ancho de banda, ten boa calidade de audio e permite efectuar chamadas de vídeo. Entre o menos afortunado, podemos achar unha interface para chat de texto un pouco pobre. Ademais, mentres se facía este artigo só estaba dispoñible a versión descargable para Windows,

estando en preparación aínda as de Mac e Linux e, tamén, as de dispositivos móbiles.

VoipStunt: todo de balde <http://www.voipstunt.com/>

Os usuarios desta ferramenta adoitan a cualificala de "*moi sinxela*". Ou sexa, que non estaría mal como primeira opción se somos seres humanos acabados de chegar ó mundo das redes. Do mesmo xeito que a outros servizos semellantes, augúraselle un gran futuro (está claro que algúns destes servizos serán os "Google" e os "Yahoo!" do día de mañá). O programa inclúe, entre outras cousas, listaxe de contactos, rexistro de chamadas e teclado para marcar o número. Mais o que de verdade lle achega valor a VoipStunt é a posibilidade de establecer comunicación de balde entre números fixos e entre diferentes países. O único malo é que a tecnoloxía aínda non está moi perfeccionada (é frecuente o ruído na conexión) e que as chamadas non poden durar máis de un minuto.

Net2phone http://web.net2phone.com/home_intes.asp

Non é de balde cen por cen, pero si barato. Empresta servizos a internautas e empresas en todo o mundo, pero cómpre advertir que as chamadas a teléfonos fixos teñen un custo, mais non así as que se levan a cabo de computador a computador. As primeiras, na última vez que visitamos a web figuraban a 0,02 dólares nos Estados Unidos e a 0,03 no resto do mundo. A calidade das comunicacións ten mellorado nos últimos anos.

Yahoo! Messenger con Voz <http://es.voice.yahoo.com/>

Yahoo! súmase a telefonía IP de xeito que semella estar cubrindo as costas de cara a un futuro que pinta ben para estes servizos. Non estamos a falar, polo tanto, dun programa que nacera dende o primeiro intre destinado a competir abertamente coas operadoras de telefonía convencionais. Sexa como sexa, a súa é unha proposta a ter e conta. Podemos vela na ferramenta de mensaxeiría instantánea do buscador `_vai` pola versión 8 en beta_, que inclúe a opción de recibir e facer chamadas de teléfonos fixos ou móbiles dende calquera curruncho conectado do mundo. Para empregala deberemos darnos de alta en Yahoo! e mercar crédito, puidéndose partir con 10 euros de mínimo. Porén, para levar a cabo comunicacións de voz entre computador e computador non haberá que pagar nada. Só temos que habilitar un Yahoo! ID e engadir os nosos contactos.

O sistema de Yahoo! é dobre: Phone Out (no caso de permitir realizar chamadas dende a Internet a un número telefónico tradicional) e Phone In (cando unha chamada telefónica se pode recibir no propio ordenador do usuario).

AOL Instant Messenger <http://www.aim.com/>

Vale, AOL dá medo, logo de que tódolos internautas tiveramos acceso a un vídeo en You Tube no que se rexistraron os continuos intentos do cidadán norteamericano Vincent Ferrari por darse de baixa dun servizo da devandita empresa: se non lle di trinta veces ó operador "*Cancel my account*" ("*Cancele a miña conta*") non llo di ningunha. Porén, o seu servizo AOL Instant Messenger permite facer chamadas de balde de computador a computador, concretamente na súa última versión, a AIM Phonline.

Skype, o "Google" da telefonía en liña www.skype.es

Se Google é no primeiro que pensas se queres facer unha busca, Skype é en moitos casos o primeiro que che vén á cabeza para facer chamadas de balde por Internet e a baixo custo se hai teléfonos de por medio. En Código Cero fomos testemuñas do nacemento e da progresiva incorporación de complementos (as videoconferencias, a apertura da nova web en España, a alianza con Viajar.com para que os usuarios desta web poidan facer chamadas de balde ó centro de atención, etc). Hai pouco tamén asistimos á chegada das multiconferencias, que se poderían considerar un novo paso adiante dos servizos VoIP (funcionan como tertulias radiofónicas) e que podemos ver xa en Skypecasts. Agora, de feito, non hai día que non xurdan novas sobre este servizo, creado por Niklas Zennstrom (o mesmiño que fundou KaZaA), quen dixo hai anos ante os medios de comunicación que quería revolucionar o mundo das comunicacións na Rede (e polo momento tódolos indicios apuntan a que o vai conseguir). Skype, que ten versións para Windows, Linux ou Pocket PC, tamén está a ser empregado en PDAs e outros dispositivos. No intre da súa creación, en 2003, desencadeou certa polémica, ó facer uso duns servizos, os de VoIP, que estaban considerados servizos de información e non de telecomunicacións.

Skype, que foi mercada hai un ano por eBay por 1.300 millóns de dólares en efectivo e 1.300 millóns de dólares en accións, comezou ofrecendo chamadas na Internet, mais neste intre xa se está a asociar con operadoras telefónicas como E-Plus en Alemaña para poñer en marcha chamadas de alta definición e de balde dende móbiles. Isto significa que é moi posible que en poucos anos asistamos á chegada dun "híbrido" entre dúas maneiras de entender o negocio das comunicacións: o de Skype, Gizmo e demais, e o das operadoras. O mundo, como soe pasar nestes casos, non collerá pola esquerda nin pola dereita, senón pola vía do medio. Falar por teléfono será máis barato, si, pero por onde virá logo o beneficio? Teremos que aturar continuas chamadas de publicidade?

¿En que pensaches esta mañá ao erguerte?



NECESITAS DESCANSAR

Necesitas pasear por cidades de pedra onde a arquitectura é patrimonio. Necesitas contemplar monumentos onde a historia é arte. Necesitas visitar museos onde a arte é vida. Necesitas durmir en lugares cheos de encanto onde o tempo se detén para ti. Necesitas coñecer unha cultura única, deixarte sorprenden e soñar.

NECESITAS GALICIA



Por un puñado de gadgets

Este verán que enfía xa a súa recta final foi especialmente abondoso en (digámolo ben claro) parvadas tecnolóxicas máis ou menos útiles... aquí vai unha pequena mostra

F. S. /M. F.

CarGoDesk: mesa de traballo para aqueles que non van a ningures sen o coche

O CarGoDesk é dalgunha maneira a consecuencia máis directa dunha sociedade que o fai todo no coche. Desprazámonos ó traballo ou á praia ou ó picadeiro coa nosa parella, pedimos de comer, vemos películas no *home cinema* ou fumamos prensados de curso legal (ou non). Isto no que respecta á vida da especie humana nos asentos dianteiros, xa que cos de atrás poderíamos encher outro artigo (...). O caso é que en Gizmodo, portal onde fan escarnio de canto *gadget* inútil ou revirado cae nas súas mans, atopamos desta vez un novo exemplo desta teima que temos (importada dos Estados Unidos?) de face-lo todo sen saír do coche, até discutir. Así que: por que non montar unha oficina portátil no asento do copiloto agora que vivimos tempos de mobilidade extrema? Na web Gizmodo cualifican esta moderna bandexa de traballo executivo de “*complemento perfecto para os suicidas*”, mais probablemente a ningún usuario se lle vai ocorrer empregala co coche en marcha. Se fose así, estaríamos a falar de novo dunha das infraccións máis graves que se poden cometer, e non nos referimos só ó feito de traballar de máis, algo de por si abondo censurable. O CarGoDesk, como dixemos, instálase no asento do acompañante e está deseñado cunha goma semi-adherente para que o portátil que vai enriba non saia disparado á mínima freada (dáse por sentado que o coche estará en marcha!). Tendo en conta isto, xa podemos estar ben “tranquilos” e ir conducindo mentres manexamos o portátil, porque, pase o pase, o computador estará a salvo.

http://es.gizmodo.com/2006/07/17/cargodesk_trabaja_hasta_morir.html

<http://www.cargodesk.biz/>



O proxecto iWatch leva o iPod ós reloxo de pulseira

Os reprodutores iPod tenden a meterse na nosa vida dunha maneira nunca antes vista na tecnoloxía. Nas garavatas, nas zapatillas de deporte ou até nos cascos da bicicleta. Calquera día poderemos velos inseridos nos rulos facendo máis levadeiro o proceso de rizado do pelo. Agora, mais nun prototipo chamado iPod Watch Concept, podemos velos (vía Coroflot.com) combinando as súas funcións coas dun reloxo de pulseira, e viceversa, que un xa non sabe que sería acó o máis importante, se o contador de minutos e horas ou o reprodutor de música. O iWatch incluíría, no caso de converterse nunha realidade, 10 xigas de capacidade de almacenamento e sería compatible coa tecnoloxía Bluetooth para os auriculares. Unicamente queda a dúbida de se Apple mercará ou non este concepto. En Gizmodo téñeno ben claro: non o mercarán. Pero como idea non está mal. E xa o dicíamos ó principio: estamos a vivir un proceso de *ipodización* das cousas de uso común que nos rodean. Para cando un iPod na fregona á venda no Lidl?

www.coroflot.com




The Cool Hunter: imos á miña casa a proba-lo meu novo sofá?

Non sabemos se isto se venderá no Lidl, pero de seguro que habería empurróns si se correse a nova de que o temos alí, xunto ás plantas carnívoras e a máquina para facer pan os domingos e festivos. The Cool Hunter é o complemento ideal para eses seráns nos que non hai nada que facer e semella que a única alternativa é facer o parvo. Así que: por que non convidar a alguén a que sente o teu carón neste sofá tecnolóxico e probar así o nivel de complicidade? Para que se entenda do que estamos a falar: The Cool Hunter é un sofá con sensores aluminicos que reaccionan dunha maneira ou outra dependendo de onde estean situados os seus ocupantes. Se estes están moi alonxados, a resposta é o alumeado das floreciñas azuis, que queren dicir que hai unha relación moi fría entre a parella, trío ou agrupación (aquí non poñemos trabas). Mais o remedio deste sofá casamenteiro e moi celestino é ben sinxelo: se os ocupantes se arrexuntan e hai boa química entre eles, reacciona cun cambio de cor nas luces, que pasan a ser rosas (non puideron os seus fabricantes ter elixido outro ton?). Nas webs onde atopamos esta cousa... perdón, este desenvolvemento tecnolóxico non vimos prezo, pero todo apunta a que será ben caro. Nalgúns sitios falan de poñer en práctica opcións económicas (como poñer-lo vídeo onde Coco explicaba a diferenza entre preto

e lonxe). Para nós, esta sería unha boa alternativa barata: deixámos de flores que se acenden e atender, a medida que nos achegamos á outra persoa, ós latexos do corazón. Non nos quedou bonito este final?

<http://www.thecoolhunter.net/design/COUCH-CONSELLING/>



Anteollos para promover o uso persoal da reprodución de vídeo

A empresa nipona Mikimoto Beans pretende tirar proveito da demanda do consumo persoal do audiovisual de xeito que vén de lanzar o seu dispositivo iTheater, que é un tipo de gafas LCD que se poden conectar a calquera fonte de vídeo (como pode ser unha consola de videoxogos, un reprodutor DVD ou un iPod) para ver as imaxes cunha sensación comparable ó dunha pantalla de 50 polgadas para o que se vale de dúas pequenas pantallas de dúas polgadas con resolucións de 320 x 240 píxeles. Ademais, o iTheater funciona cunha batería que se pode recargar conectándoa a un porto USB dun PC, o que pode resultar sumamente cómodo. Polo momento véndese a 29.800 iens (203 euros) no Xapón, aínda que xa hai dispositivos semellantes no mercado europeo.

<http://www.mikimoto-japan.com/beans/>



Personality escaner: de que humor está o meu veciño?

Este proxecto de desenvolvemento tecnolóxico sería inútil (en caso de fabricarse) para moitas persoas, pero para outras viríalles que nin pintado. Trataríase dun detector de humores. É dicir: sería quen de indicarlle ó usuario ou portador se a persoa que está con el ou ela nun radio de 25 pés (o que serían máis ou menos 7,62 metros) está de boas ou de malas, se está interesada ou non en ter algún tipo de contacto. Os seres humanos que xa levan un “dispositivo” de serie incorporado para saber se son ben recibidos ou non ficarán indiferentes se finalmente se fabrica e se pon no mercado. Igual de indiferentes ficarían todos aqueles ós que lles dá igual que nunha habitación haxa orellas dispostas ou non a escoitar os seus discursos (e se levasen este dispositivo con eles, non lle farían caso se se puxese vermello). Mais sería ideal para unha boa parte da humanidade, e segundo as webs onde atopamos información sobre esta ferramenta estaríamos a falar dunha auténtica revolución na vida social das persoas. A lectura do escáner só duraría dez segundos. Normal que así sexa: a ninguén lle pode gustar que a persoa que vai sentada ó seu carón no autobús

lle pase un bolígrafo de arriba a abaixo cada minuto.

<http://www.scifi.com/eureka/madeineureka/products/>



communications/

Spy Camera Watch, o reloxo de pulso que espía

Ideal para miróns dos que andan entre os pinos e os coches. O Spy Camera Watch sería sen dúbida un perigo nas mans dos centos de persoas con lentes negras e sombreiro que baixan estes días á praia con prismáticos para, supostamente, ollar para os barcos. Que non farían eles con este aparello na praia da Area Longa no Castro de Baroña? Nestes tempos de ausencia case absoluta de privacidade (dicía Phil Zimmermann nunha estadia en Santiago, se cadra con motivo da vixilancia con cámaras nas rúas da cidade, que con tódolos sistemas de seguridade que nos rodean hoxe en día non temos nin sequera a liberdade de meternos o dedo no nariz), non é de estrañar que xurdan ferramentas como esta, que ten feitura e que opera igual ca un reloxo de pulso convencional pero con certas pequenas diferenzas: inclúe cámara dixital cunha memoria de até 2 megabytes, o que permite obter unhas 36 fotos dunha tacada en calquera tipo de escenario.

http://www.gadget-box.com/product_info.php?cPath=148&products_id=4014



Bombarider, nova moto ecolóxica-futurista

Levamos anos e anos vendo prototipos de vehículos modernos, ecolóxicos e útiles (polo menos no papel) que nunca se convertían en propostas reais e compatibles no mercado. Cantas veces se nos ten dito nos medios que este ou aqueloutro se ían converter nos coches ou motos do futuro, a alternativa dos combustibles derivados do petróleo? Será este que presentamos, o Bombarider, unha nova promesa incumplida? De verdade, sería unha mágoa que así fose, tendo en conta que emprega tecnoloxía de tipo xiroscópico, pode rodar a 20 quilómetros por hora e corre con pilas de hidróxeno (polo tanto, sería un transporte teoricamente máis ecolóxico cás motocicletas tradicionais). De feito, ten feitura

de moto, pola disposición do piloto e tamén pola súa "interrelación" co vehículo (os controis para acelerar e frear son semellantes).

<http://xataka.com/archivos/2006/07/20-bombarider-el-transporte-del-.php>
http://www.geekologie.com/2006/07/the_bombarider_embryo_is_unicy.php



Mu-Bot: a música en mp3, mellor coa compañía dun robot (ou non?)

Está ben isto de deseñar para nada, ou para case nada. Ter un robot na casa sempre pode ser unha excusa para medrar socialmente, non importa que logo cumpra exactamente as mesmas funcións ca unha caixiña de madeira onde gardar cousas. O Mu-Bot é obra da firma Sega, quen o presentou hai uns días en Tokío no marco feira Toy Show 2006, e consiste basicamente nun receptáculo para os cables de auriculares para reproducir mp3. A cabeza, de considerables dimensións como se pode ver na imaxe, non é un espazo rebordante de fíos, chips e engranaxes senón que constitúe a parte do corpo que cumpre a función de caixa receptáculo. Así, chea de aire unha boa parte da súa existencia, como un reflexo fiel do que acontece nas cabezas de moitos de nós.

es.gizmodo.com
www.qj.net



Un teléfono tradutor simultáneo de chamadas

Ideal para todos aqueles que queiran un teléfono para máis cousas que para recibir e facer chamadas, que estean en comunicación co estranxeiro e que deixen propinas nos bares e nos hoteis de máis cinco euros sen sentir remorsos. O Language Line Phone (da empresa Language Line Services)

é un teléfono dual que inclúe servizos de tradución simultánea en vivo e que fica operativo ó longo de toda a xornada. Só hai que premer un botón e xa traballa para nós, de xeito privado e confidencial, e cobrándonos 2,5 euros ó mes por manter a liña e unha boa cantidade de cartos por minuto de chamada.

Páxina do produto: www.language.com



Bikini intelixente que avallia a intensidade dos raios UVA

Chámase SmartSwin, o que podería ser traducido como "natación intelixente". Sen meternos na cuestión do pretensioso do nome (de feito, xa nos metemos), pasaremos a describir as súas funcións e vantaxes para a práctica natatoria. En primeiro lugar custa 110 euros, o que non está nada mal se do que se trata é de pasarlle o prezo pola cara ás nosas amizades máis economicamente deficitarias. Segundo e non menos importante: vén equipado cun medidor de raios UVA que avalía o nivel de radiación ultravioleta da clase A. Con este fin, inclúe unha escala do 0 ó 20 que, sen necesidade de ser máis intelixentes có propio traxe de baño, saberemos entender ben. Porén, malia todo o humor que lle queiramos botar á cuestión, está claro que a prenda pode ser de moita utilidade. O único malo é que é un bikini, así que os homes (nun principio) quedan fóra de xogo. Así que, homes do mundo, a torrarse na praia.

Máis en www.coollest-gadgets.com



Greenphone, móbil que corre con Linux

O software libre non só é unha

alternativa de cooperación colectiva na informática, senón tamén, moi posiblemente, un xeito de vida aplicable a todo. Por exemplo: o que apoia e emprega programas de fonte aberta é moi posible que prefira tamén telos no seu teléfono móbil. A industria fabricante sabe, de aí que comecen a anunciarse, paseniño, lanzamentos que corren con Linux. É o caso do Greenphone, o primeiro de todos, que se prevé nas tendas a principios de outono e que adxunta un kit de desenvolvemento con licenza Open Source. Con esta "materia prima", a casa fabricante Trolltech quere poñer novos azos ós desenvolvedores da aplicacións, xogos e servizos web para que melloren no posible os servizos do produto e beneficien ó resto de usuarios. Inclúe Procesador Xscale a 312 MHz, 64MB de RAM, 28 MB de memoria Flash, tarxetas min-SD, pantalla táctil, Wi Fi, Bluetooth, cámara de 1,3 megapíxeles, etc.

Máis en <http://qtopia.net/modules/devices/>.



Panasonic ofrece pantallas de plasma con marcos de luxo

En tempos o que se enmarcaban eran as pinturas e as fotografías, e non foron poucos os casos nos que o valor do marco (comercial e artístico) resultou ser superior ó da propia cousa enmarcada. No caso que nos ocupa, o das televisións de plasma Panasonic con oito tipo de estruturas de madeira circundantes, é probable que tamén haxa dúbidas nos usuarios sobre que elemento é o que merece máis atención. Correremos así o risco de ollar máis para un modelo Bombay Mahogany (madeira de Bombay) que para a o programa que se está a reproducir na pantalla? Non nos meteremos máis neste punto. O que si que diremos é que, polo momento, só lle poderemos poñer un marco de luxo a dous modelos de Panasonic, o TH-EBP42F9 de 42 polgadas e o



TH-EBP50F9 de 50. Por certo que os prezos dos marcos oscilan entre os 400 e os 450 euros. Iso si que é, a fin de contas, culto á televisión.

Bragas para o iPod nano

Hai meses vimos na Rede *boxers para home e para muller* que estarían adaptados para levar un



nos poñan diante. A *base-karaoke* é semellante ó resto de *docks* para iPod. A novidade é que inclúe dous micrófonos cos que cantar ó son da música -a dúo ou como solista, segundo se prefira-, e unha saída de vídeo para segui-las letras nunha pantalla externa -por exemplo a da televisión ou a da computadora. O aparello é compatible co iPod video, co iPod nano, e con calquera reprodutor mp3 e *memory stick*. Ten ademais a vantaxe de ler todo tipo de ficheiros -mpeg, avid ou mp3- polo que reproducirá tódolos formatos audiovisuais. E para os que lles vaia menos o da posta en escena, incorpora un mando co que manipulalo dende o sofá sen ter que move-lo corpo até el. Máis en www.ipskaraoke.com.

Sony recupera certo protagonismo perdido con Mylo, reprodutor multimedia con Wi-Fi

A Sony aínda lle quedan folgos para aparecer nos medios de comunicación en liña de todo o mundo, a vulgar pola repercusión que está a ter Mylo (vémolos por exemplo en Europa Press, Gizmodo, Xataka ou Tecnogadget), o seu desenvolvemento Wi-Fi de lecer que permite escoitar música (mp3 e aac), vídeo (mpeg-4) e imaxes e acceder ás redes da comunicación por banda ancha. O aparello, que vai especialmente dirixido ós usuarios (moitos, moitos no mundo) de mensaxeiría instantánea, non ten ese nome por casualidade: de feito, é unha abreviatura de my life on line. Este gadget, que é saudado nas ditas webs como "*o competidor formidable do reprodutor de Apple, o iPod*", inclúe entre outras cousas Wi-Fi, teclado Qwerty, soporte GoogleTalk e Yahoo Messenger, navegador baseado en Opera e Skype integrado.

Máis en www.sony.com.

reprodutor multimedia iPod, pero a prenda feminina resultaba masculina de máis, polo que o fabricante Dreamgirl decidiu comercializar o iGroove Panty, que serían unhas bragas que permite integrar un reprodutor iPod nano, que se vende na Internet a 12,95 dólares, aínda que non momento de escribir estas liñas o produto se atopaba esgotado debido á alta demanda (probablemente porque está orientado á súa venda coma agasallo, incluíndo unha caixa luxosa adornada por lazos rosa).

Máis en www.thesexysociety.com

Convertendo o iPod en karaoke

O IPS Karaoke Station Portal é o reprodutor que fai do iPod un *karaoke* con máis de 30 mil pistas. A listaxe é inesgotable e fan falla pulmóns e uns 230 euros para facerse co complemento do iPod co fin de dedicarse ó mundo da canción repasando cantos temas musicais se

Científicos identifican a afección sen medida por mercar tecnoloxía como unha doenza xenética

De entre tódolos tipos humanos que visitan El Corte Inglés, hai un que por norma sempre vai á sección de tecnoloxía, alí onde sempre está en expositores o último en cámaras dixitais, reprodutores de música en mp3 ou teléfonos móbiles. Este tipo de persoa sempre ten máis usadas as páxinas de *gadgets* dos folletos de publicidade que caen nas súas mans e, se quedan connosco para ir algunha parte semella que todo o que fagamos lles resulta marabilloso, posto que calquera ocasión a ven propicia para quitar da funda a súa cámara de 5 megapíxeles e fotografarnos (aínda que esteamos aburridos e bocexando sentados nun penedo). Todo isto vén a conto porque, segundo un grupo de investigadores xaponeses, esta afección pola novidade tecnolóxica (a "neofilia") é nin máis nin menos que unha doenza xenética. Ou sexa, que se de pequenos xa espertaba o noso interese a ilusión que ó noso pai (porque é nos homes onde máis se dá esta doenza) lle daba mercar unha torradora nova entón é posible que calquera día nos descubramos a nós mesmos soñando con *megapíxeles*. Segundo as webs que se fan eco do dito informe (vémolos en Xataka) o mellor coidado para a doenza consiste en manter a raia a tarxeta de crédito. A investigación sinala que a culpable de todo isto é unha enzima que nos induce a mercar cousas novas de xeito compulsivo. O seu nome é Monoamino Oxidasa A. Como tódalas adiccións, non é salientable por facer feliz á persoa que a padece. Máis ben todo o contrario, xa que unha nova "dose" de tecnoloxía só afianza a dependencia a ela. Dito doutro xeito: mercar a mellor cámara dixital do mercado é ledicia para hoxe e tristura para mañá (cando descubres que xa existe unha cámara mellor).

<http://xataka.com/archivos/2006/07/19-neofilico-la-enfermedad-de.php> <http://news.scotsman.com/scitech.cfm?id=1008372006>



http://www.flickr.com/photos/major_clanger/

O clásico "reestrutúrase"



O exemplo con máis sona do fracaso de AOL no seu intento de conquistar o mercado europeo se cadra estea na iniciativa dos pc tontos

David Lombardía
david@elvilmetal.com

AOL _America On-line- afronta unha reestruturación no seu xeito de concibir o negocio en liña ofrecendo servizos de balde para poder competir cos grandes e frea-la súa caída de usuarios. Como lle ten gañado a partida á publicidade ó pago?

O pasado dous de agosto, Time Warner anunciou nunha nota de prensa cambios na súa división de Internet, a célebre AOL. Baixo o título Time Warner Announces that AOL Will Offer Its Software, E-mail and Many Other Products for Free to Broadband Users, a empresa anuncia que ofrecerá boa parte dos seus servizos e produtos de xeito gratuíto ós usuarios de banda ancha. Entre eles están o servizo de mensaxeiría instantánea (AIM), aplicacións de redes sociais (social networking), servizos e aplicacións de seguridade tales como controis parentais para a navegación, un número de teléfono local sen límite de chamadas entrantes e, por suposto, o servizo de e-mail.

A explicación que a empresa dá, en palabras do presidente de AOL, Jeff Bewkes, é ben sinxela: "Temos escoitado ós nosos clientes, e moitos deles queren seguir usando os produtos de AOL tras migrar á banda ampla, para non ter que pagar máis por eles. Así que agora podemos dicirlles 'Tendes e-mail de balde'. É o paso



lórico de AOL para capitalizar o explosivo crecemento do emprego da banda ampla e a publicidade en liña. Co forte e rápido auxe da súa actividade publicitaria, agardamos poñer a AOL de novo no vieiro do crecemento".

Efectivamente, os directivos de AOL confían, cos datos do último exercicio na man, na fortaleza do negocio publicitario para acadar que empresa volva de novo a espallarse. E é malia que os seus ingresos totais experimentaron unha baixada do 2%, mentres no último ano o número de subscritores ó seu servizo reduciuse en máis de tres millóns, os ingresos publicitarios medraron nun 40%. A caída de subscritores do servizo de AOL ten unha clara causa: o paso de moitos dos seus usuarios ós servizos de banda ampla, posto que a empresa dedícase a ofrecer servizos de subscrición a través de conexión dial-up, que inclúe determinados servizos e produtos de valor engadido.

Uns servizos característicos –co seu propio software, prestacións de accesibilidade, sinxeleza de emprego- que chegaron a ser todo un fenómeno en Estados Unidos, pero baseados nunha tecnoloxía á que as distintas alternativas de banda ampla lle teñen restado cada vez máis protagonismo, até dende a propia matriz de AOL. Así, mentres en AmericaOnline continua coa sangría de subscritores, TimeWarner incorporaba 230.000 novos clientes ó seu servizo de Internet de alta velocidade, que sen dúbida lle axudaron a acada-las previsións dos analistas: a empresa, que é o meirande conglomerado de medios estadounidense, gañou no segundo trimestre do ano 1.007 millóns de dólares, o que supón unha rendibilidade de case un cuarto de dólar por acción. Malia todo, semella claro que unha boa parte dos 230.000 clientes gañados para o servizo de banda ancha da matriz estarían encantados de dispoñer das mesmas aplicacións e servizos de antes co seu novo provedor. Así pois, dende a empresa decidiron ofrecer a posibilidade de empregar unha boa parte deses servizos de xeito gratuíto, co fin de conservar, senón os pagos, si a fidelidade dos que se van, así como captar novos usuarios e até facer máis doado o retorno dos que tras migrar á banda ampla non quixeron pagar nin un centavo máis por conservar o seu antigo enderezo de e-mail. Para estes últimos, en AOL teñen boas novas. En palabras do CEO da empresa, Jonathan Miller, "ós membros que nos deixaron nos últimos anos lles conservamos os seus enderezos

de e-mail (...) a principios de setembro, poderán volver a casa... de balde". E engade que, quen nunca teña probado AOL, agora poderá facer uso das súas ferramentas de xeito gratuíto. Isto supón que a empresa deberá agora competir contra provedores da talla de Google ou Yahoo!, o que ten ocasionado que moitos analistas consideren que esta medida é serodia, aínda que en AOL confían na fortaleza dos seus produtos e do mercado da publicidade en liña para facerse cunha base de usuarios ampla abonda como para rendibilizala en termos publicitarios. Para acadalo, nas vindeiras semanas a empresa anunciará a inclusión a súa oferta gratuíta de novos servizos e contidos nas áreas de seguridade, vídeo ou blogs, así como novas actualizacións do seu software.

Pero non será a única medida que se tome dende Time Warner para tentar mellora-la rendibilidade de AmericaOnline, senón que se ten divulgado tamén que despedirá a case unha cuarta parte do seu equipo e que se vai desfacer dos seus negocios en Europa, que nunca conseguiron os obxectivos previstos. O exemplo con máis sona do fracaso da compañía no seu intento de conquistar o mercado europeo se cadra estea na iniciativa dos pc tontos, que cunha cota mensual ían supoñer un xeito sinxelo e barato de acceder ás redes. Tras conseguir colocar só uns cantos, os terminais _coñecidos como paquitos- acabaron por seren adaptados para poxas por Internet coa inclusión dun disco duro. E é que trala fusión con Time Warner en xaneiro de 2001, non todo foi de cor de rosa para AOL. A crise do sector e as diferenzas entre a "parte AOL" e a parte "Time Warner" do xigante creado trala fusión remataron coa saída de Steve Case dun "AOL Time Warner" que pasou a converterse só en "Time Warner", e os resultados da matriz no pasado exercicio víronse lastrados por unha serie de cargos legais. Con esta volta de torca, dende a compañía agardan que a gratuidade acabe coa súa caída nos ingresos, aínda que, dende logo, a competencia non llelo vai poñer doado. Por se acaso, dende AOL xa aclaran que malia que non continúen promovéndoos de xeito masivo, non van deixar de ofrecer os seus servizos de subscrición, por exemplo o Premium, que inclúe por 25,90 dólares (un 21 euros) mensuais o acceso, os servizos, atención ó cliente e almacenamento web de 50 GB. Porque non todo vai ser banda ampla.

NOVAFACTORY

OLEIROSA

6


DO 28 DE SETEMBRO
Ó 1 DE OUTUBRO

FORD INTERNACIONAL DE DISTRIBUCIÓN AUDIOVISUAL (PRAZAS LIMITADAS)
SEMINARIO TÉCNICO DE HD (PRAZAS LIMITADAS)
MERCADO ÚLTIMAS NOVIDADES EN AUDIOVISUAL
MOSTRA DAS MELLORES CURTAS DO MOMENTO

MÁIS INFO

A FÁBRICA
RÚA DO INGLÉS
15172 PERILLO
OLEIROS
TFNO: 981 636 598
981 648 309

INFO@NOVAFACORY.ORG
TURISMO@OLEIROS.ORG



ALTA DEFINIÇÃO POR SÓ **Euros** **21 MÉS***

NOVA VÍDEOCÂMARA **HD** + CÁMARA DE FOTOS
5,1 MB E GRAVADORA REPRODUTOR DVD/VHS



Vídeocâmara + Cámara
de fotos digital
SANYO
5.1 MB **HD**

DVD gravadora reprodutor + vídeo VHS
SANYO HP345BJ
DVD **VHS**



REGALO



Impresora Fotográfica
PORTÁTIL OLIVETTI



Tarxeta
MEMORIA 2GB



Infórmate nas nosas oficinas, en caixagalicia.es ou no 902 310 310

TAE: 9,90% calculada para un préstamo de 1.383,59€ en 90 cuotas mensuales. Tipo de taxa nominal anual 8,72%. Comisión de apertura 2%. Gastos de estudo 0,5%. Prezo ao contado da Videocámara e o reprodutor DVD/VHS: 1.349€. Oferta válida até 30/11/2006.

GALICIA NAVEGA
VUELTA AL MUNDO A VELA 2005-2006

www.caixagalicia.es

CAIXA GALICIA